



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E SEIS (26) DE XUÑO DE 2023

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 10:30 h. do día 26 de xuño de 2023, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL "ALTERNATIVA DOS VECIÑOS" (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D. Ramón Maceira Giadanes.

GRUPO MUNICIPAL "POPULAR" (P.P.)

- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D^a Vanesa Domínguez de la Iglesia.
- D. Jorge Platas Casal.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle.

GRUPO MUNICIPAL "SOCIALISTA" (PSdeG-PSOE)

- D^a M^a Carmen Acuña do Campo.
- D. Jesús Fernández Díez.

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor accidental, D. Óscar Bouzas Martínez.

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o sr. alcalde a declara aberta.

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2022003283, de 21 de xuño, que son os seguintes:





CONCELLO DE OLEIROS

1º.- Realización do sorteo de membros das mesas electorais a constituírse en Oleiros para as Eleccións Xerais que van ter lugar o 23 de xullo de 2023.

2º.- Aprobación, se procede, da determinación da periodicidade das sesións plenarias ordinarias.

3º.- Aprobación, se procede, das retribucións polo exercicio de cargos electos.

4º.- Aprobación, se procede, da determinación do número, características e retribucións do Persoal Eventual.

5º.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2023003274, mediante o cal se procede á creación de Areas.

6º.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2023003279, de designación de membros da Xunta de Goberno Local, constitución e periodicidade da mesma e de nomeamento de Tenentes de alcalde.

7º.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2023003281, de delegación de competencias nos diferentes concelleiros e concelleiras.

8º.- Dar conta da formación de grupos políticos municipais, dos seus integrantes, de Voceiros, dos seus suplentes e de autorización dos membros electos da Corporación de comunicación de documentación municipal a través de correo electrónico.

9º.- Adopción de acordo, se procede, de delegación de competencias do Pleno do Concello na Xunta de Goberno Local.

10º.- Adopción de acordo, se procede, de constitución da Mesa de Contratación con carácter permanente para asuntos de competencia plenaria.

11º.- Adopción de acordo, se procede, de creación e composición da comisión informativa de asuntos de competencia plenaria e comisión especial de contas.

12º.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2023003282, mediante o cal se delega a presidencia da comisión informativa de asuntos de competencia plenaria e da comisión especial de contas na 1ª Tte. de alcalde.

13º.- Adopción de acordo, se procede, de designación da representación municipal á Sociedade "EDAR BENS S.A." e ó Consorcio "As Mariñas".

14º.- Adopción de acordo, se procede, de designación da representación ó Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade."

Punto 1.- Realización do sorteo de membros das mesas electorais a constituírse en Oleiros para as Eleccións Xerais que van ter lugar o 23 de xullo de 2023

Da orde do alcalde, polo funcionario coordinador dos procesos electorais explícase o procedemento do sorteo a realizar e que se traduce na execución da proposta presentada ó Pleno da Corporación, consistente na execución do sorteo a través do programa informático facilitado polo INE que elixe aleatoriamente os números dos censados e censadas nos diferentes distritos, sección e mesas, un total de 11 colexios electorais distribuídos ó longo do termo municipal e 45 mesas.

Realízase o sorteo dos membros das mesas, presidente e dous vogais por cada unha e os suplentes de cada un deles.

Votación





CONCELLO DE OLEIROS

Non habendo intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta presentada, acadándose o resultado da unanimidade dos membros asistentes da corporación, é dicir, por **vinte (20) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“De conformidade co art. 26 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, reguladora do Réxime Electoral Xeral, deberase proceder á designación mediante sorteo público nas datas designadas polo INE, dos presidentes, vogais e respectivos suplentes que conformen as mesas electorais entre as persoas censadas en cada sección, ó abeiro dos parámetros contidos no acordo a adoptar.

A Xunta Electoral Central considera que a competencia para designar ós membros das mesas electorais, previo sorteo entre os e as electoras censadas no Concello, corresponde ó Pleno do Concello, baixo a supervisión da secretaría municipal, polo que procede adoptar o acordo seguinte:

Primeiro.- Realizar na sesión plenaria convocada para este luns 26 de xuño de 2023 o sorteo dos membros das mesas electorais (Presidente, Vogais e respectivos suplentes) a constituírse en Oleiros no vindeiro proceso electoral “Xerais 2023” que van ter lugar o 23 de xullo de 2023.

Segundo.- Determinar que o criterio a seguir para o nomeamento de presidentes, vogais e respectivos suplentes das mesas electorais a constituírse será o seguinte:

“Realizarase o sorteo en ordenador, de conformidade co programa informático achegado polo Instituto Nacional de Estatística (INE) entre a totalidade das persoas censadas nas seccións correspondentes, que sexan menores de 70 anos e que saiban ler e escribir. O Presidente deberá contar coa titulación mínima de Bacharelato, de Formación Profesional de segundo grao ou, subsidiariamente, o de Graduado Escolar.”

Punto 2.- Aprobación, se procede, da determinación da periodicidade das sesións plenarias ordinarias

Expón o asunto a concelleira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando a proposta presentada e que consiste en que a periodicidade das sesións plenarias ordinarias serán de carácter mensual, ás 20 horas do derradeiro xoves de cada mes. No caso de coincidir en festivo, a sesión tería lugar o primeiro día hábil seguinte, que non fora sábado e o mes de agosto declárase inhábil a efectos de convocatoria de sesión plenaria ordinaria.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta presentada, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **sete (07) votos en contra** cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“1.- O artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local dispón que as sesións ordinarias do Pleno da Corporación dos Concellos de Municipios con máis de 20.000 habitantes, terán lugar cunha periodicidade mínima dun mes.

2.- O artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dispón que dentro dos trinta días que sigan á constitución da Corporación, o Pleno deberá tomar o acordo no que determine a periodicidade das sesións ordinarias.

3.- Constituída a Corporación municipal o pasado día 17 de xuño de 2023, procede que o Pleno fixe a periodicidade das súas sesións ordinarias en conformidade co que dispón o artigo da Lei 7/1985, antes citado.

Por todo o ata aquí exposto, e a proposta da presidencia da Corporación, o **Pleno acorda**:





CONCELLO DE OLEIROS

PRIMEIRO.- As sesións ordinarias do Pleno da Corporación terán lugar cunha periodicidade mensual, con carácter xeral o derradeiro xoves de cada mes, ás 20:00 horas do serán, en primeira convocatoria e coas seguintes normas especiais:

- Se a data indicada coincidira en día festivo, a sesión ordinaria terá lugar o primeiro día hábil que siga que non fora sábado.
- O mes de agosto declárase inhábil a estes efectos, polo que non haberá sesión ordinaria do pleno durante ese mes.

SEGUNDO.- Este acordo farase público mediante a publicación no taboleiro de anuncios sito na sede electrónica municipal e no resto dos medios de comunicación municipais.

TERCEIRO.- Contra este acordo, por ser un acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano administrativo que a dita no prazo DUN MES que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Tamén poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de DOUS MESES que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo isto sen perxuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da antedita Lei 39/2015 de 1 de outubro, LPACAP de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes."

Logo de rematar a votación, polas voceiras dos grupos políticos municipais pregúntase se non pode intervir no asunto, ó que lle contesta o alcalde, D. **Ángel García**, que por suposto pero deben pedir a palabra se non entende que non hai intervención e de seguido, pasa á votación da proposta.

Aclarada esta cuestión, intervéñen por orde de maior a menor representación no pleno, a concelleira do grupo "Popular", D^a **M^a Dolores Silva**, para incluír un matiz á proposta en canto a que onde se sinala que no caso de coincidir o día da convocatoria da sesión ordinaria en festivo, que se celebraría o día seguinte hábil que non fose sábado, gustaríalles que se incluíra a matización de "á mesma hora, ás 20 h."

Ó mesmo tempo, tamén gustaríalles que de se convocar unha sesión plenaria extraordinaria a petición de calquera dos grupos políticos municipais fosen tamén ás 20 h. ó igual que as sesións ordinarias, como se está a acordar neste punto, máis que nada lembrando que algúns membros da corporación traballan en horario de mañán o que podería ser un atranco para asistir á mesma, de aí que realicen esta petición.

Tamén, gustaríalles solicitar que un concello como o de Oleiros, por número de habitantes e por temas a tratar neste pleno, debería ter como mínimo dúas sesións plenarias mensuais, pero de conformidade coas propostas achegadas nos diferentes puntos desta sesión, unha vez máis vólvese baleirar de contido ó pleno municipal produto da maioría absoluta da Alternativa dos Veciños. Demóstrase logo un desprezo tanto polo traballo dos e das concelleiras da oposición coma polas aproximadamente 7.500 persoas que co seu voto decidiron non facelo por Alternativa dos Veciños e ás que representan neste pleno e que veñen supoñer un 44% dos votos depositados nas urnas.

Desde a oposición tenden a man para traballar, como xa dixo no pleno de constitución, e solicitan que non se baleire de contido ó mesmo e non se converta nun simple dar conta dos decretos.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén a concelleira do grupo “Socialista”, D^a **M^a del Carmen Acuña**, manifestando que lles chama poderosamente a atención tanta presa, de paso que se convoca a sesión para realizar o sorteo de composición das mesas electorais, aproveitan para pasar o rodillo ou se o alcalde prefere, para deixar claro quen manda aquí, aínda que vostede lle chamou orde, pois quen impón a orde.

Queren manifestar o seu desacordo coa proposta de organización do traballo municipal que propón, insiste con moita presa. Parecera que quixera evitar a toda costa as comisións informativas, os plenos, para que os grupos da oposición poidan exercer ese labor de fiscalización do goberno como é o seu deber e a súa razón de existir.

Pretende, baseándose nunha lei do ano 1985 e despois de 38 anos, supón que lle soa esa cifra, impedir o seu labor. Esa lei sinálalle a vostede, Sr. García, os mínimos imprescindibles, pero os mínimos nin son recomendables nin, por suposto, os desexables. Vostede cre que a vida municipal de Oleiros pode reducirse a un único pleno ó mes, precedido dunha soa comisión informativa, a verdade é que non se entende e, ¿A quen pretenden enganar?.

Ten logo que lembrarlle que o que existe é unha democracia representativa, ¿Que quere dicir isto?, que o pobo exerce a súa soberanía a través dos órganos de representación elixidos nas votacións e o seu grupo, así como os demais da oposición, foron igualmente elixidos e votados polo pobo, polo que non pode, nin debe excluílos da vida municipal impondo esta organización que dá as costas e lles pecha a porta, impedindo ós veciños e veciñas cumprir co votado nas derradeiras eleccións.

Sr. García, o que pretende é transformar a democracia participativa nunha fórmula caciquil, sí vai usar este termo, e monopolística, sen límites nin control. Segunda oportunidade perdida en democratizar a vida municipal de Oleiros, a primeira foi con motivo do pleno de constitución da corporación aínda diante de toda a veciñanza e hoxe que ten a segunda oportunidade, pídelle que a aproveite esta sesión plenaria porque do contrario, terían que se preguntar cales son as razóns que motivan que non queira debate ¿Tal vez o desprezo polo debate? Non cre que sexa así ¿Medo polo debate? Lévalles a pensar que ten algo que ocultar ¿Qué é o que non quere que saiba a oposición? Lémbrralle que isto é moi perigoso porque, antes ou despois, rematará por saír á luz, pero pensa que é mellor que saia neste plenario a que saia nos xulgados.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que a proposta é clara, un pleno ó mes o derradeiro xoves ás 20 h., en canto ó solicitado pola voceira do grupo “Popular” en canto ás sesións extraordinarias, tratarase de que sexan tamén ás 20 h. pero ás veces son situacións sobrevidas, as que haberá que adaptarse e teñen que convocarse para as mañáns porque non hai outra.

Tamén lembrarllas ás voceiras dos grupos políticos, que entre o BNG, PP e PSOE teñen o 44% dos votos, pero é que Alternativa dos Veciños conta co 56% polo que contan coa maioría absoluta concedida polo pobo de Oleiros, gañando nas 45 mesas electorais constituídas en todo o termo municipal, por se non se decataron deste dato, gañaron por máis do 50% en todas agás nunha que foi co 44%.

En canto ó alegado polo voceira do grupo “Socialista” en que se fan propostas de acordo coa Lei de 1985, unha lei que foi aprobada polo Partido Socialista, por Felipe González, polo que este goberno axústase á lei, nin máis nin menos, e quéixase de que hai un só pleno ó mes, dicirlle que en Coruña ou en Lugo, grandes capitais e seguramente





CONCELLO DE
OLEIROS

con máis temas que tratar que en Oleiros, convocan un pleno ó mes, ó igual que en Culleredo ou Betanzos, é dicir, en tódolos concellos que goberna o seu partido, cando se celebran, ó igual que as comisións informativas.

Sobre o alegado de democracia caciquil, xa lle gustaría á voceira do grupo “Socialista” que en tódolos concellos onde ten representación o PSOE houbera a democracia existente aquí. No que respecta ó alegado sobre a inexistencia dos debates; primeiro agora están a debater e segundo, informarlle que en Oleiros sempre existiu debate e ten a intención de que siga habéndoo, non se preocupe.

Punto 3.- Aprobación, se procede, das retribucións polo exercicio de cargos electos

Expón o asunto a concelleira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que logo da constitución da nova corporación o pasado 17 de xuño, o pleno do concello a proposta do presidente deberá determinar a relación de cargos da mesma e que poderán desenvolverse en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, con dereito a retribucións, así como as contías que correspondan.

Polo tanto propónse ó pleno en primeiro lugar, os cargos electos desenvolvidos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial coas retribucións anuais que se fixan de seguido ós cargos seguintes:

- Alcalde, con dedicación exclusiva: 62.000 € brutos/ano.
- Tenencias Alcaldía 1^a e 2^a, dedicación exclusiva: 46.000 € brutos/ano (cada unha delas).
- Tenencias Alcaldía 3^a e 4^a, dedicación exclusiva: 40.000 € brutos/ano (cada unha delas).
- Tenencias Alcaldía 5^a, 6^a e 7^a, dedicación exclusiva: 35.000 € brutos/ano (cada unha delas).
- Finalmente, 5 concellerías con dedicación parcial co 85,71% da xornada: 30.000 brutos /ano (cada unha delas).

Acórdase tamén o carácter retroactivo destas retribucións e, en consecuencia, a percepción económica correspondente que para o caso da alcaldía sería desde a súa toma de posesión e para o resto de concellerías desde a súa aceptación do réxime de delegación correspondente.

Os membros da corporación que non perciban retribucións polo desenvolvemento de traballos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, percibirán pola concorrencia efectiva ás sesións e xuntanzas dos órganos colexiados municipais dos que formen parte polas contías que se sinalan:

- Por asistencia a cada sesión plenaria: 150,00 €.
- Por asistencia a cada xuntanza das comisións informativas permanentes ou especiais: 150,00 €.
- Por asistencia a cada sesión da xunta de goberno local: 150,00 €.
- Por asistencia a cada sesión do consello de admón da emisora municipal: 150,00 €.
- Por asistencia a cada xunta de voceiros: 150,00 €
- Por asistencia a cada mesa de contratación: 120,00 €

A contía por asistencia a cada xuntanza da mesa de contratación aplicarase igualmente ao persoal municipal que asista ás mesas de contratación dos entes dependentes do Concello de Oleiros. No caso de celebración de dúas ou máis sesións dun órgano colexiado no mesmo día, unicamente abonarase a contía correspondente a unha dieta.

Estas contías non serán percibidas polas concelleiras ou concelleiros que teñan dedicación exclusiva.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén a concelleira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando o voto en contra do seu grupo para este asunto e lles gustaría sinalar que con estes cambios as arcas municipais deberán soportar un aumento duns 75.000 € de gasto e considerarían normal un aumento das asignacións que se correspondesen coa subida aproximada dun 2,5%, que foi a subida salarial aprobada para o persoal funcionario neste exercicio, ou incluso ata un 4% que foi a subida salarial aprobada pola patronal e as organizacións sindicais, así como a acordada para os salarios mínimos, feito que debería ser de aplicación tamén para as asistencias efectivas ós diferentes órganos de goberno municipais. De tódolos xeitos, en ningún caso se poden referir a salarios mínimos e sí de subidas que van desde un 10% ata un 25%, parecéndolles esaxeradas e avusibas.

Gustaríalles que lle aclarasen a que se deben as diferenzas e sobre todo a subida dun 22 e un 25% nas tenencias da alcaldía que van desde a 3^a á 7^a, presupón que a diferenza entre as tenencias da alcaldía 4^a e 5^a non será por unha cuestión de xénero. Observan que neste mandato tentaron aproximar tódalas contías á unidade de millar superior para chegar a redondear cifras.

Este goberno supónlle á veciñanza máis de 500.000 €/ano. Resultando comprensible a subida da 2^a e 3^a tenencia da alcaldía, debido á delegación de responsabilidades e representación por parte do alcalde nas mesmas pero non así de tódalas seguintes.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que quere empezar a súa intervención dicindo que debe ser moi inxenuo polo de “somos alternativa, somos diferentes”, polo que apelar a unha lei do ano 1985, que marca uns mínimos e non ter man tendida para abrirse a outras posibilidades, honestamente non sabe onde está a diferenza en comparación con outros concellos da contorna.

A política municipal é bonita, trátase da administración máis próxima e o saben, non ten o apoio que debería ter por parte da Xunta de Galicia, tamén o saben, e ten que dar resposta á veciñanza en moitas cuestións sexan ou non competencias propias; non ten descanso e hai que responder 24 h, sete días á semana. Bonita, pero moi intensa e fuxindo de demagoxias, ten que estar retribuída porque de non ser así, só os cidadáns ricos poderían ser representantes públicos e iso suporía unha eiva notable. Á política teñen que vir os mellores, con vocación de servizo público, pero ben saben que non sempre é así.

Engade o seu pensamento ó respecto, o ideal e máis xusto sería unha limitación de mandatos para que algún misture proxecto político con proxecto vital, cre que saben do que está a falar.

Mércalle unhas verbas ó Sr. García, en canto a que para dirixir un organismo hai que ser honrado, ético, rápido, eficaz e capaz e para iso, quen estea gobernando ten que ser axeitadamente retribuído, máis unha serie de apuntamentos á proposta que achegan.

Unha subida dun 18% do custe dun equipo de goberno que repite co mesmo número de concelleiros que no 2019 non é a mesma que tiveron a maioría dos e das oleirenses durante estes anos, de ser o caso e se esta subida é precisa para facer ben o traballo dos representantes públicos, non é doado entender como os outros grupos políticos da corporacións sofren unha conxelación nas súas asignacións, pero non se preocupe porque os socialistas non veñen a cobrar senón a traballar e xa escoitou iso de que cobran os que traballan, Sr. García, e pódennlle mercar





CONCELLO DE
OLEIROS

o argumento, pero debería explicar tamén o por qué algún concelleiro ou concelleira van cobrar uns 45.000 e outros 35.000 € ¿Traballan menos? De ser así e si se sabe de antemán, mal van.

Non se entende, que en réxime de dedicación exclusiva haxa esa diferenza de salarios, o lóxico sería que o alcalde cobrase dos oleirenses un pouco máis que os concelleiros, non como nesta proposta, na que cobrará máis do dobre que o concelleiro que menos cobra, con 85,71% de dedicación e practicamente o dobre doutros con dedicación total, a non ser que se estea ante salarios nescafé pero non quere crer iso.

Sinala o art. 103 da Constitución Española, que a admón. pública serve con obxectividade ós intereses xerais e actúa de acordo ós principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ó dereito, máis apelando a eses principios sinalados solicitan que revisen a proposta, que sexa máis xusta e equitativa e que non supoña o incremento do 18%; tendo en conta a contorna que lles rodea e significativa. Por outra banda, que non coincida nin sequera o número de dedicacións exclusivas totais co número de áreas creadas a través do decreto da alcaldía que se tratará noutro punto desta sesión é sorprendente.

Así, desde o grupo “Socialista” achegan unha proposta de revitalización democrática que poña en foco os problemas da xente e xa anuncia ó alcalde que subir un 18% o custo do equipo de goberno, non é atender en ningún senso ós problemas da xente do común do municipio.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que non hai peor que a demagogia e parece que os membros novos da corporación por parte do PSOE son un pouco demagogos.

Salientouse que a “Alternativa” é diferente pois que o demostre, ó que lle contesta que non se poden saltar as leis, que son as que rexen o funcionamento municipal e se o PSOE que gobernou España en tres períodos diferentes non as cambiou, debe preguntarlles por qué non o fixo e aínda está a gobernar agora e tampouco o fixo.

Insiste en que hai que respectar as leis e en canto ó que dixo sobre a limitación de mandatos, referirase a Felipe González cando o votou fóra o Partido Popular, porque levaba un montón de mandatos e naquel intre, se tivera gañado, seguiría. O proceso democrático nas votacións decide quen ten maioría e en Oleiros levan moitos anos, incluídos estes últimos con maiorías absolutas, quen ten que gobernar e esa é a democracia, non hai máis que a voz do pobo para outorgar ou sacar, o resto é demagogía.

Non din a verdade cando sinalan que se subiron os salarios, non é certo, el mesmo cobrará o mesmo salario que cobrou antes destas eleccións e as tenentes de alcalde que o acompañan neste intre no salón de sesións, cobrarán 200 € máis do que cobraban, parece que non miraron o que estaban a cobrar...

Pregunta a concelleira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, está a dicir que o que se vai aprobar aquí hoxe non é a realidade, porque o aprobado no ano 2019...

Segue coa súa quenda de contestación o alcalde, D. **Ángel García**, salientando que desde o ano 2019 subiuse o salario tanto ós funcionarios coma ós políticos e o que están propoñendo hoxe e practicamente o mesmo, de feito, o alcalde cobraba 61.925 € e agora pasa a cobrar 62.000 €, é dicir, 75 € máis; a primeira Tte de alcalde 45.891,72 e agora vai cobrar 46.000 €, 109 € máis e esa é a realidade; ó igual que a segunda Tte de alcalde, cobrará tamén





CONCELLO DE
OLEIROS

só 109 € máis ata os 46.000 € que se propoñen, o mesmo que no resto das concellerías, incluso algunhas baixan un pouco o salario e outras dúas soben, Antonio Molinos e Pablo Cibeira, pero polas responsabilidades maiores que van a ter e de aí a resposta á pregunta de que por qué algúns cobran máis que outros, pois polo cargo e responsabilidade que desenvolven, nin máis nin menos, ó igual que en tódalas administracións, polo que non son certas as noticias publicadas en prensa, nin as intervencións que rematan de ter ós grupos da oposición.

Intervén a concelleira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que por exemplo desde o ano 2019 un cargo collido ó azar que cobraba 31.523 pasa agora a 35.000 €, entendendo que nestes catro anos foise subindo, pero é que desde 31.000 a 25.000 € existe unha diferenza de 4.000 € que se subiron parcialmente durante estes catro anos e agora, resulta que a subida é so de 75 €.

Contesta a concelleira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, sinalando que tanto a voceira do grupo “Popular” coma o concelleiro do grupo “Socialista” son funcionarios e subíronlle os salarios ó longo destes catro anos, pois ós funcionarios municipais e ós membros do goberno municipal tamén ou hai que lles dicir cómo facer as contas, subiron o sinalado na lei de orzamentos do Estado.

Por outra banda, quería facerlles a aclaración de que existen tenencias de alcaldía que levan máis dunha área de responsabilidade, outras cunha soa e concelleiros e concelleiras con dedicación parcial que dependen dos responsables das áreas creadas, polo que non entenden cal é o problema e se, ademais, se o pobo de Oleiros ordenou que fose a “Alternativa dos Veciños”, co alcalde á fronte, quen xestione a administración municipal, é cuestión de que deixen xestionar ó goberno porque segundo cre e así o dixo o pobo, fano ben.

Finalmente, xa está ben de facer demagogia alegando tema de xénero que o 3º e o 4º Tte de alcalde cobren máis que a 5ª e 6ª deixando caer que os anteriores son homes, por esa mesma regra de tres a 1ª e a 2ª Tte de alcalde son mulleres e cobran máis que o 3º e o 4º, así que por favor argumentos que se sosteñan.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que se a dinámica vai ser que o grupo de goberno presente un asunto e haxa unha única quenda de intervencións por parte dos voceiros ou voceiras dos grupos da oposición, pregaría que se deixasen de empregar termos ou calificativos como demagórico ou insultante, esa mesma dinámica pide unha resposta posterior, porque ten cincuenta anos e era neto dunha persoa que se adicou á gandería e dun mestre de León, nos tempos da república, nunca estivo na política, nin en organización sindicais para facer demagogía, se cadra, a traxectoria errática dalgunhas persoas de determinados partidos, non di que sexa aquí en Oleiros, pode levar a pensar iso e insiste en que non están aquí para iso, se atopa sentir insultado á formación política que representa, lóxicamente e por unha cuestión de orde, solicitará unha rectificación e intervirá nese punto.

Contéstalle a concelleira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, recomendando ós concelleiros e concelleiras da oposición que lean o Regulamento Orgánico Municipal, este documento contén o funcionamento das sesións plenarias e da organización municipal en xeral, sen esquecer que quen dirixe o debate é o alcalde.





CONCELLO DE OLEIROS

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que é curioso porque empezan igual que outros que xa estiveron con anterioridade, alegando que se insulta ou menosprecia e gustaríalle revisar as súas intervencións na sesión de hoxe a ver onde se insultou a alguén, veñen coa cantinela de que se lles insulta, etc., etc., o que acontece é que as verdades molestan.

E non presuma de historia, porque todos teñen a súa, o seu avó foi presidente da Asociación Republicana de Perillo, a un tío seu matárono, polo que non veña poñéndose medallas porque desgraciadamente, de medallas están os cemiterios cheos daqueles e daquelas que loitaron pola democracia ou que pasaron polo cárcere, polo que non acepta leccións nese sentido de ninguén.

Pero indo ó asunto que se está a tratar e para rematar, gustaríalle que ámbalas dúas voceiras dixeran a diferenza que cobraban entre o 2019 e a actualidade por mor das subidas aprobadas polo goberno do Estado.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta presentada, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Logo da constitución o pasado 17 de xuño da nova Corporación Municipal, o Pleno do Concello, a proposta do Presidente, deberá determinar a relación de cargos da Corporación que poderán desenvolverse en réxime de dedicación exclusiva e parcial e, polo tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grado de responsabilidade.

O volume de servizos e actividades de diversa natureza nesta Corporación fai necesario, para o seu adecuado seguimento e atención específica, que os membros do equipo de goberno desenvolvan o seu cargo con dedicación específica:

Considerando o disposto nos art. 73.3 e 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, nos artigos 23 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 2.568/1986, de 26 de novembro, e normas concordantes de aplicación,

Propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Serán desenvolvidos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, coas retribucións anuais que se fixan a continuación, os seguintes cargos:

Cargo	Réxime dedicación	Retribucións anuais
Alcalde	Exclusiva	62.000,00 €
1ª Tenencia da Alcaldía	Exclusiva	46.000,00 €
2ª Tenencia da Alcaldía	Exclusiva	46.000,00 €
3ª Tenencia da Alcaldía	Exclusiva	40.000,00 €
4ª Tenencia da Alcaldía	Exclusiva	40.000,00 €
5ª Tenencia da Alcaldía	Exclusiva	35.000,00 €
6ª Tenencia da Alcaldía	Exclusiva	35.000,00 €
7ª Tenencia da Alcaldía	Exclusiva	35.000,00 €
Concellería delegada	Parcial (85,71% da xornada)	30.000,00 €
Concellería delegada	Parcial (85,71% da xornada)	30.000,00 €
Concellería delegada	Parcial (85,71% da xornada)	30.000,00 €
Concellería delegada	Parcial (85,71% da xornada)	30.000,00 €





CONCELLO DE
OLEIROS

Concellería delegada	Parcial (85,71% da xornada)	30.000,00 €
----------------------	-----------------------------	-------------

Tal e como establece o artigo 13.4 do RD 2.568/1986 (ROF) o nomeamento dun membro da Corporación para un destes cargos só suporá a aplicación do réxime de dedicación exclusiva ou parcial se é aceptado expresamente por aquel, en cuio caso esta circunstancia será comunicada ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

Segundo.- Con base no disposto no artigo 39.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, acordase a retroactividade do réxime de dedicacións exclusivas e parciais e en consecuencia a percepción económica correspondente, para o caso da Alcaldía á data da toma de posesión como Alcalde e para os demais concelleiros á data de aceptación do réxime de dedicación.

Terceiro.- Os membros da Corporación que non desenvolvan cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial percibirán, pola concorrencia efectiva dos/das concelleiros/as ás sesións e xuntanzas dos órganos colexiados municipais dos que formen parte as seguintes contías:

Órgano	Contía
Por asistencia a cada sesión plenaria	150,00 €
Por asistencia a cada xuntanza das comisións informativas permanentes ou especiais	150,00 €
Por asistencia a cada sesión da xunta de goberno local	150,00 €
Por asistencia a cada xuntanza do consello de administración da emisora municipal	150,00 €
Por asistencia a cada xuntanza da xunta de voceiros	150,00 €
Por asistencia a cada xuntanza da mesa de contratación	120,00 €

A contía por asistencia a cada xuntanza da mesa de contratación aplicarase igualmente ao persoal municipal que asista ás mesas de contratación dos entes dependentes do Concello de Oleiros.

No caso de celebración de dúas ou máis sesións dun órgano colexiado no mesmo día, unicamente abonarase a contía correspondente a unha dieta."

Punto 4.- Aprobación, se procede, da determinación do número, características e retribucións do Persoal Eventual

Expón o asunto a concelleira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", D^a **M^a José Varela**, sinalando que tal e como establece a Lei de Bases do Réxime Local, o pleno da corporación deberá determina no inicio de cada mandato o número, características e retribucións do persoal eventual.

En base a isto, despois da constitución da nova corporación o pasado 17 de xuño realízase esta proposta que segue a liña de austeridade seguida no mandato anterior, polo que os postos propostos son os seguintes:

- Un Colaborador de Área 1, cunha retribución de 40.000,00 €/brutos ano.
- Dous Colaboradores de Área 2, cunha retribución de 25.000,00 €/brutos ano cada un.
- Catro Colaboradores de Área 3, cunha retribución de 23.320,22 €/brutos ano cada un.

Un total de sete postos de persoal eventual.

Intervén a concelleira do grupo "Popular", D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que aínda que aparentemente poida parecer que as contías mantéñense nalgún caso ou, incluso baixan noutro, o total sofre un incremento duns 20.000 €, polo que lles gustaría saber a que se debe esa baixada nun traballador eventual ¿Trátase dunha categoría distinta na praza?, ó que lle contesta afirmativamente o alcalde, D. **Ángel García**, sostendo que non lle van a pagar a un traballador ou traballadora un salario que vai ter menos cometido.





CONCELLO DE OLEIROS

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, manifestando que respecto ós traballadores eventuais o art. 104 bis.1 da Lei de Bases do Réxime Local... “as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponda a persoal eventual nos concellos deberán axustarse ós seguintes límites e normas:

...

d) Os concellos de municipios con poboación superior ós 20.000 e non superior ós 50.000 habitantes, poderán incluír nas súas plantillas postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder de sete.”

Tendo en conta isto, o goberno municipal de Oleiros, presidido polo Sr. García, opta por ir a un máximo de postos referidos ó persoal eventual e despois de ter 8 dos 13 concelleiros en réxime de dedicación exclusiva e os restantes 5 con dedicación parcial ó 85,71% da xornada ¿É preciso que o pobo de oleiros teña que soportar outros sete salarios máis de persoal que non foi elixido nas urnas?; ¿Onde está a necesidade?.

Cre que deberían explicar polo miúdo cal é o cometido do colaborador de área 1, que cobrará o mesmo que o 3º ou 4º Tte de alcalde e máis que o resto de concelleiros, que volve lembrar que teñen dedicación exclusiva. Nesta proposta entende que falla información importante como ¿Cales son as funcións que vai desenvolver ese persoal?; ¿Qué carencias no persoal municipal veñen cubrir? E ¿Cal é o mérito que os fan acreedores de tal contrato? Porque realmente é persoal nomeado a dedo.

En resume, os e as funcionarias municipais acceden ó seu posto de traballo de acordo cos criterios constitucionais recollidos na constitución, de mérito e capacidade, cuestión que nestes caso non acontece, en definitiva, falla información máis aló do tema dos salarios propostos.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que este persoal ven a fortalecer as áreas municipais de deportes, ensino, etc; persoas que veñen a traballar xunto co responsable da área de que se trate, de acordo coa lei e por exemplo na Coruña nomean 27 eventuais, tamén van ó máximo, con 27 concelleiros e concelleiras, polo tanto son persoas que son designados polos gobernos municipais e insiste, de acordo coa lei.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta presentada, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tal e como establece o artigo 104 e 104 bis da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, o Pleno da Corporación deberá determinar, ao inicio de cada mandato, o número, características e retribucións do persoal eventual.

En base ao citado precepto, a determinación do persoal eventual logo da constitución o pasado 17 de xuño da nova Corporación Municipal, debe ser o que se propón a continuación e que segue a liña de austeridade iniciada na lexislatura anterior.

Polo exposto anteriormente, propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado o seguinte cadro de **persoal eventual**, coas retribucións anuais que se fixan a continuación:





CONCELLO DE
OLEIROS

Posto de traballo	Denominación	Retribucións anuais
Persoal eventual	Colaborador de área 1	40.000,00 €
Persoal eventual	Coordinador de área 2	25.000,00 €
Persoal eventual	Colaborador de área 2	25.000,00 €
Persoal eventual	Colaborador de área 3	23.320,22 €
Persoal eventual	Colaborador de área 3	23.320,22 €
Persoal eventual	Colaborador de área 3	23.320,22 €
Persoal eventual	Colaborador de área 3	23.320,22 €

Segundo.- Publicar o número de postos de traballo eventuais no taboleiro de anuncios sito na sede electrónica do Concello e no Boletín oficial da Provincia.”

Punto 5.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2023003274, mediante o cal se procede á creación de Areas

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do Decreto da Alcaldía, nº 2023003274, de 21 de xuño, mediante o cal se resolve o seguinte:

“Por Decreto da Alcaldía nº 2019002612 de 19 de xuño acordouse por esta Alcaldía a creación das áreas de goberno en virtude do disposto nos artigos 43.3 e 45 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

En virtude de competencia atribuída a esta Alcaldía nos artigos 21.1 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 41.2 do ROF,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o Decreto da Alcaldía nº 2019002612 de 19 de xuño, creándose as seguintes áreas de goberno local, que poderán ser obxecto dunha delegación de conformidade co disposto no ROF, e que comprenden os correspondentes sectores de actividade:

1. Área de Presidencia

Baixo a dirección da Alcaldía, correspóndelle a coordinación dos diferentes servizos municipais, o planeamento urbanístico, agás os actos concretos que se delegan, relacións institucionais, a xestión das políticas de calidade do Concello, a contratación administrativa de expedientes que superen os 100.000€ maillo IVE, así como todas aquelas materias non asignadas expresamente a outra área de goberno. Incorpora tamén esta área o control da xestión municipal.

2. Área de Economía e Facenda

Ocúpase esta área, na materia de economía e facenda, da xestión económica do Concello, seguimento e control dos orzamentos, xestión económica e financeira da administración, seguimento e control de investimentos, preparación dos orzamentos, xestión de pagamentos e cobros, xestión tributaria e de recadación, política fiscal e preparación de ordenanzas fiscais.

3. Área de Interior, Sanidade e Consumo

A esta área correspóndelle dentro do eido organizativo, os aspectos relativos á organización administrativa do Concello e ós métodos de traballo, a coordinación do funcionamento da Administración municipal, o padrón municipal e estatística.

A xestión dos cemiterios municipais, a utilización da vía pública para o uso común especial por terceiros así como realización de espectáculos públicos e actividades recreativas, limpeza de fincas e tenencia de animais potencialmente perigosos.

No campos de sanidade intégranse as políticas municipais de protección da salubridade pública en uso das competencias que atribúe ó municipio a normativa sectorial, control sanitario de establecementos (alimentos e bebidas), parcelas e edificacións.

A atención que corresponda as persoas consumidoras.

4. Área de Urbanismo





CONCELLO DE OLEIROS

Esta área comprende a xestión das competencias municipais sobre a ordenación do territorio e o urbanismo, tramitación de planes e instrumentos de ordenación urbanística, xestión urbanística, concesión de licenzas urbanísticas e de actividades, disciplina urbanística, redacción de instrumentos de ordenación urbanística, concesión de licenzas para o exercicio de actividades e exercicio en xeral, das competencias en materia de disciplina urbanística que as normas en vigor outorgan ós municipios. Tamén a xestión do catastro.

5. Área de Recursos Humanos, seguridade cidadá, cooperación e participación cidadá

Correspóndelle a xestión do persoal do Concello, a axilización da tramitación de procedementos e a política de información ó cidadá, así como a xestión da participación destes na vida municipal, a cooperación ó desenvolvemento e solidariedade.

A esta área correspóndelle tamén a xestión da seguridade cidadá, protección civil e Policía Local, control e ordenación do tráfico en vías urbanas.

6. Área de Obras Públicas e Medio Ambiente, Servizos e Parques e Xardíns

Correspóndelle a planificación das obras municipais, a preparación dos planes de obras e a aprobación de proxectos de obras, a xestión das expropiacións, agás cando se utilice o sistema de expropiación para a execución das determinacións do planeamento urbanístico, conforme ao disposto na Lei do Solo de Galicia, o medio ambiente, a xestión dos vertidos e a xestión da utilización do subsolo da vía pública para a instalación de servizos.

Esta área xestiona os servizos básicos municipais, ciclo da auga, limpeza de vías públicas, alumeadado público. Inclúese o mantemento de vías públicas e infraestruturas urbanas (mobiliario urbano, redes de servizos,...), a inspección e control de servizos públicos que se prestan a través de terceiros, o mantemento e conservación de parques, xardíns e zonas verdes, así como o mantemento de edificios e instalacións municipais.

7. Área de Servizos Sociais e Igualdade

Esta área xestiona as políticas municipais de prestación de servizos asistenciais ós cidadáns, de atención ás situacións de marxinación e exclusión social, medidas de integración social, política de inmigración, muller e atención á terceira idade, políticas de igualdade efectiva, participación cidadá, así como os programas de voluntariado.

Tamén, a política municipal de vivenda con protección pública.

8. Área de Cultura, Deportes, Ensino, Promoción Económica, Formación e Emprego, Xuventude e Normalización Lingüística.

Esta área comprende a xestión das competencias municipais relativas a todos os servizos de relacionados coa promoción e fomento da cultura, o arte, as bibliotecas, o deporte, a educación, a xuventude, a política lingüística, a formación profesional e a prospección e promoción de emprego; incluíndo tanto o deseño e execución das políticas municipais a seguir nestes eidos como a elaboración da programación anual de actividades e servizos na que se plasmen ditas políticas, e a súa á execución material.

A promoción económica e o desenvolvemento local integran as políticas públicas tendentes á dinamización e potenciación da vida económica local, o deseño de plans estratéxicos de desenvolvemento económico, a planificación económica, a fixación de obxectivos para a promoción de actividades económicas no Concello, as relacións cos axentes sociais na procura de políticas integrais de desenvolvemento e o fomento de actividades económicas a través da cooperación pública en plans e en xeral aquelas políticas públicas que propugnen e incentiven o desenvolvemento de sectores produtivos e de actividades económicas para un desenvolvemento axeitado da vida económica do municipio. Intégrase nesta área a xestión de feiras (a do mel e as tradicionais) e tamén a xestión de mercados e a venda ambulante.

Tamén lle corresponde a xestión das políticas municipais en materia de turismo e no eido do ensino, a xestión das escolas municipais.

9. Área de Comunicación, Novas Tecnoloxías e Mobilidade.

Esta área comprende, o impulso e difusión de novas tecnoloxías e exercicio das competencias municipais en materia de transporte e mobilidade, incluída as autorizacións de transporte de viaxeiros en autotaxis.





CONCELLO DE
OLEIROS

SEGUNDO.- Corresponderá á Alcaldía, a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución dos conflitos positivos ou negativos que xurdan sobre a adscrición a unha área determinada dunha concreta materia.

TERCEIRO.- Contra este acordo, por ser un acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano administrativo que a dita no prazo DUN MES que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Tamén poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de DOUS MESES que comezarán a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo isto sen perxuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da antedita Lei 39/2015 de 1 de outubro, LPACAP de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.”

Punto 6.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2023003279, de designación de membros da Xunta de Goberno Local, constitución e periodicidade da mesma e de nomeamento de Tenentes de alcalde

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do Decreto da Alcaldía, nº 2023003279, de 21 de xuño, mediante o cal se resolve o seguinte:

“ANTECEDENTES:

1.- Constituída a Corporación en sesión extraordinaria de data 17 de Xuño de 2023 e sendo necesaria a creación da Xunta de Goberno Local e a designación dos Tenentes de Alcalde, conforme ó disposto no art. 20.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde a esta Alcaldía dita creación e designación a teor dos arts. 21.2 e 23.3 da mesma lei e 46 do Real Decreto 2568/86, de 28 de Novembro, e con base nos seguintes fundamentos.

FUNDAMENTOS:

1.- O artigo 52 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) dispón que a Xunta de Goberno local estará integrada polo Alcalde e os concelleiros nomeados libremente por el. O número de concelleiros ós que o Alcalde pode designar membros da Xunta de Goberno Local non poderá ser superior ó tercio do número legal de membros da Corporación, sen que, para este cómputo se teñan en conta os decimais. No caso do Concello de Oleiros o número máximo de membros da Xunta de Goberno local é de sete (7) equivalente á terceira parte dos 21 membros da Corporación.

2.- Os Tenentes de Alcalde son nomeados e separados libremente polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno e, onde esta non exista, de entre os Concelleiros. Nos municipios con Xunta de Goberno Local o número de Tenentes de Alcalde non poderá exceder no número de membros de aquela. Naqueles outros nos que non exista tal órgano, o número de concelleiros non poderá exceder do terzo do número legal de membros da Corporación (art. 46.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais).

3.- Corresponde os Tenentes de Alcalde, en canto a tales, substituír na totalidade das súas funcións e polo orde do seu nomeamento ó Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, previa expresa delegación, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ate que tome posesión o novo alcalde (arts. 47 e 48 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais).

4.- Dos nomeamentos e ceses darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose persoalmente ós designados, e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde, se nela non se dispuxera outra cousa (art. 46.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais).

Todo elo conforme o disposto nos arts. 21.2 da Lei 7/85, de 2 de Abril, art. 22 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de Abril e art. 46 do Real Decreto 2568/86, de 28 de Novembro.





CONCELLO DE OLEIROS

Por todo o exposto, e en uso das facultades que me conceden as normas en vigor, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local e Tenentes de Alcalde, na orde que aparecen designados, ós seguintes concelleiros e concelleiras da Corporación:

- Primeira Tenente de Alcalde: María José Varela Neira
- Segunda Tenente de Alcalde: Margarita Figueroa Vázquez
- Terceiro Tenente de Alcalde: Pablo Cibeira Taboada
- Cuarto Tenente de Alcalde: Antonio Molinos Marcote
- Quinta Tenente de Alcalde: Teresa Vázquez Maseda
- Sexta Tenente de Alcalde: Aurora Belén Taboada Casal
- Sétima Tenente de Alcalde: M^a José Santos Zas

Segundo.- En virtude do artigo 23.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e 47.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, correspondera aos nomeados substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións, polo orde do seu nomeamento, nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade legalmente previstos, previa expresa delegación.

Terceiro.- Notificar a presente resolución as persoas designadas a fin de que presten, no seu caso, a aceptación de tales cargos.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución ó Pleno na primeira sesión que celebre.

Quinto.- Remitir anuncio dos referidos nomeamentos para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e publicalos igualmente no taboleiro de anuncios sito na sede electrónica municipal.

Sexto.- Os nomeamentos efectuados serán efectivos dende o día seguinte a data da presente resolución.

Sétimo.- Fixar a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local con carácter quincenal, os segundos e cuartos Martes de cada mes, ás 13.30 horas en primeira convocatoria e ás 14.00 horas en segunda convocatoria.

Oitavo.- Contra este acordo, por ser un acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano administrativo que a dita no prazo DUN MES que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Tamén poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de DOUS MESES que comezarán a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da antedita Lei 39/2015 de 1 de outubro, LPACAP de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes."

Punto 7.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2023003281, de delegación de competencias nos diferentes concelleiros e concelleiras

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do Decreto da Alcaldía, nº 2023003281, de 21 de xuño, mediante o cal se resolve o seguinte:

"Antecedentes

- 1.- O pasado día 17 de xuño constituíuse a nova Corporación municipal saída das eleccións celebradas o día 28 de maio.
- 2.- Polo Decreto da Alcaldía nº 2023003274 de data 21 de xuño, creáronse as áreas de goberno municipal, no uso das competencias de dirección do goberno e a administración municipais que o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, concede ó Alcalde da Corporación.

Fundamentos de Dereito





CONCELLO DE OLEIROS

1.- De acordo co artigo 43 do ROF O Alcalde pode efectuar delegacións xenéricas das súas atribucións delegables a favor dos membros da Xunta de Goberno Local, que estarán referidas a unha ou varias áreas ou materias determinadas, delegación que pode abranguer tanto a facultade de dirixi-los servizos correspondentes como a de xestionais, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Asemade, o Alcalde poderá efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro para a dirección e xestión de asuntos determinados conforme determina o mesmo artigo do ROF

Todas as delegacións serán realizadas por Decreto do Alcalde que conterá o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas de exercicio das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto neste regulamento.

Por todo o exposto, e en uso das facultades que me confiren as normas en vigor,

RESOLVO,

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto os Decretos de delegacións número 2019002619 do 20 de xuño

SEGUNDO.- Efectuar a prol das **Tenencias de Alcaldía as seguintes delegacións xenéricas**, referidas ás áreas que se determinan e nas materias que en cada caso se detallan, ó abeiro do que dispón o artigo 43 do ROF:

DELEGACIÓN A PROL DA CONCELEIRA D^a M^a JOSÉ VARELA NEIRA E PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE

Delégase nesta Tenencia de Alcaldía a dirección política das áreas de Interior, Urbanismo e Economía e Facenda así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros; a dirección superior dos servizos administrativos integrados na área exercerase sen prexuízo da dirección concreta que corresponda á concellería delegada sobre un determinado servizo segundo dispoña a alcaldía.

*** De xeito xenérico**

- a) Tódalas competencias atribuídas á Alcaldía e comprendidas dentro das áreas de goberno citadas que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á Alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese na delegación a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.
- b) A resolución das peticións de acceso á información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas que acrediten un interese lexítimo e directo.
- c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área de delegación.
- d) A autorización e disposición de gastos sobre as aplicacións orzamentarias que correspondan ás áreas delegadas ao dito órgano segundo o orzamento municipal en vigor, así como do resto de áreas do Concello, agás nas contratacións que excedan de 100.000€ maillo IVE correspondente que será competente a Alcaldía.
- e) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito de delegación.
- f) Dirixir, inspeccionar e impulsar a xestión en cada un dos servizos delegados.
- g) Aprobar os programas de actuación dos servizos delegados.
- h) Dirixir ao persoal adscrito aos servizos e propoñer sancións ao mesmo.
- i) Visar os permisos e cadro de vacacións do Persoal ao seu cargo, para posterior resolución polo órgano competente.
- j) Propoñer o outorgamento de produtividades individuais.
- k) Defender, ante o Pleno do Concello, as propostas que se formulen en relación cos asuntos obxecto da presente delegación.
- l) Dirixirse mediante calquera tipo de comunicación a Organismos Públicos ou entidades privadas, para a resolución dos asuntos propios das áreas que dirixa.
- m) Solicitud de subvencións relativas aos servizos delegados.





CONCELLO DE OLEIROS

- n) A solicitude telemática de subvencións da Deputación Provincial das áreas da súa delegación, inclusive a sinatura das certificacións que sexan precisas para ditas subvencións.
- o) Autorizar ou realizar convenios ou concertos con outras entidades públicas ou privadas que sexan precisos para os servizos delegados.
- p) As solicitudes de inscrición de marcas ou nomes no rexistro da oficina española de patentes e marcas, sempre que correspondan ás áreas da súa delegación.
- q) A representación do Concello en calquera acto ou trámite relativo a estas materias.

A.- Na área de "Interior", delégase o exercicio das atribucións que corresponden á Alcaldía nas seguintes materias:

- a) Os procedementos de alta e baixa no Padrón municipal de habitantes, así como as modificacións que se produciran.
- b) As sinaturas dos certificados de inscrición no padrón municipal de habitantes.
- c) As actuacións que atanen ao rexistro xeral e á oficina de atención ao cidadán
- d) Os procedementos de reclamación de responsabilidade patrimonial da administración.
- e) A resolución das peticións de acceso ós arquivos e rexistros cando se trate de procedementos rematados na data da solicitude, consonte ó disposto polo artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- f) A reclamacións por danos causados a bens municipais.
- g) A xestión dos procesos electorais, o que inclúe a sinatura de escritos dirixidos ós diferentes órganos da administración electoral e a facultade de ditar as resolucións que corresponderan.
- h) A xestión dos Cemiterios Municipais, o que comprende ditar as resolucións que procedan en materia de outorgamento de dereitos de uso sobre nichos e sepulturas ou de dereitos funerarios.
- i) O exercicio das potestades de defensa dos bens do Concello que atribúe á Alcaldía a normativa de aplicación.
- j) O exercicio das facultades atribuídas ó Alcalde para a administración dos bens municipais.
- k) Actos de tramitación e resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial en materia urbanística, excepto en supostos que puideran corresponder ao Concello Pleno por razón da materia ou da contía.
- l) A concertación dos seguros privados do Concello.
- m) Os procedementos de alta e baixa no Rexistro Municipal de unións estables de parella, así como sobre a modificación dos datos nel inscritos.
- n) As atribucións en materia de contratación que lle concede a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do Sector público ao Alcalde sempre que o importe non supere 100.000 euros, mailo IVE, é dicir a aprobación do expediente de contratación, autorización, disposición do gasto e adjudicación nos expedientes de importe superior a 15.000 euros ou 40.000 en obras e inferior a 100.000 euros.
- o) O exercicio das atribucións que corresponden á Alcaldía nas ordenanzas de limpeza viaria, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.
- p) O outorgamento de licencias de uso especial da vía pública non expresamente atribuídas a outra Concellería.

B.- En materia de "Disciplina Urbanística" deléganse nesta Tenencia de Alcaldía as seguintes atribucións da alcaldía:

Outorgamentos e denegación de licenzas, resolucións en relación a comunicacións previas e declaracións responsables de obras e actividades; actos de trámite, prórrogas de licenzas e trocos de titularidade, declaracións de caducidade e resolución de cantos incidentes se produzan nos expedientes de obras maiores, menores, usos, parcelacións, talas e calquera outra actuación relacionada co previsto na Lei 2/2016, sobre intervención na edificación e uso do solo.

- a) Dirixir a inspección urbanística, ditando as correspondentes instrucións para a inspección das obras.





CONCELLO DE OLEIROS

- b) Ditar actos de trámite e actos definitivos en materia de protección e reposición da legalidade urbanística incluída a adopción de medidas cautelares, a imposición de multas coercitivas ou outros medios de execución subsidiaria.
- c) Ordenar a incoación de procedementos sancionadores nas materias delegadas e ditar a resolución de imposición de sanción que corresponda. Tamén ditar as resolucións sobre prescrición de infraccións, caducidade do procedemento e arquivo de actuacións.
- d) Ordes de execución en relación ó deber de conservación, uso e rehabilitación regulados na Lei 2/2016, Decreto 143/2016 e Lei 2/2019 de 22 de abril y demais disposicións concordantes en vigor
- e) Actos de trámite e resolución de expedientes de declaración de ruína, agás os de ruína inminente.
- f) Actos de trámite e outorgamento de licenzas de instalación e de apertura, para tódalas actividades reguladas na Lei 9/2013 e Decreto 144/2016.
- g) Outorgamento de licenzas, resolucións relativas coa comunicación previa ou declaración responsable en materia de actividades e apertura de establecementos ordinarias.
- h) Concesión de autorizacións para uso especial da vía pública para entrada e saída de garaxes.

C.- En materia de “Planeamento e Xestión Urbanística” deléganse nesta Tenencia de Alcaldía as seguintes atribucións da Alcaldía:

O seguimento do planeamento, da xestión urbanística e da execución das obras de urbanización

- a) Propoñer a contratación de asistencias técnicas para a elaboración de documentos de planeamento e xestión urbanística.
- b) Proporá a formulación de expedientes de contribucións especiais e de cotas de urbanización para o financiamento dos proxectos de urbanización.
- c) Representará ao Concello nas Xuntas de Compensación.
- d) Asistirá ó replaneamento e recepción das obras de urbanización, asinando as correspondentes actas y resolvendo en relación coa devolución de avais.

D.- En materia de “Catastro Municipal” deléganse nesta Tenencia de Alcaldía as seguintes atribucións da Alcaldía:

- Ditar todos os actos administrativos necesarios para a xestión catastral que lle corresponde á Alcaldía.

E.- Respecto á “Dirección do Departamento de Urbanismo”, corresponderá a esta Tenencia de Alcaldía:

Fixar as directrices de funcionamento, actuación do Departamento e distribución de tarefas entre o persoal, ditando as instrucións que correspondan.

- a) Formulará criterios interpretativos para a aplicación da normativa urbanística, elevándoos no seu caso ao Concello Pleno para súa aprobación.
- b) Exercer a xefatura do persoal integrado no Departamento.
- c) Formular a proposta de organigrama e relación de postos de traballo do Departamento.
- d) Propoñer os permisos para cursos e xornadas de formación e cadro de vacacións do persoal ao seu cargo, para posterior resolución da Concellería Delegada en materia de Persoal.
- e) Propoñer a incoación de expedientes disciplinarios ao persoal do Departamento.
- f) Propostas de horas extraordinarias, produtividades e gratificacións individuais ao persoal do departamento para a posterior resolución polo Concelleiro delegado de Persoal.
- g) Autorización de gasto para as subministracións de material do departamento ó seu cargo.
- h) Convocar e coordinar xuntanzas de traballo para a consecución dos obxectivos urbanísticos. Das xuntanzas levantarase acta pola Coordinadora de Servizos Urbanísticos.

G.- Na área de “Economía e Facenda” delégase o exercicio das atribucións que corresponden á Alcaldía nas seguintes materias:





CONCELLO DE OLEIROS

O desenvolvemento da xestión económica consonte o orzamento aprobado polo Pleno do Concello, a disposición de gastos dentro dos límites sinalados á competencia da alcaldía no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

- a) A ordenación de pagamentos e a rendición de contas, de acordo co disposto polo texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Queda excluída a ordenación de pagamentos correspondentes a persoal e nómina (que corresponderán ó exercicio de atribucións delegadas en materia de persoal), os correspondentes a axudas de emerxencia social (que corresponderán ó concelleiro delegado en materia de servizos sociais e igualdade), as axudas a voluntarios de protección civil (que corresponderán ao concelleiro/a delegado/a en materia de seguridade cidadán), as becas aos alumnos dos cursos do centro de formación (que corresponderán á concelleira delegada en materia de emprego) e as subvencións concedidas polos servizos que teñen atribuída esta delegación.
- b) A sinatura dos documentos que impliquen formalización de ingresos, pagos e movemento de fondos na Tesourería municipal.
- c) Conservar unha das chaves da arca de caudais e asistir ós arqueos de caixa.
- d) Recoñecer a totalidade das obrigas que procedan con cargo ós créditos do orzamento do Concello, agás correspondentes ó Capítulo 1 de Gastos de Persoal e as sinaladas no apartado anterior. No caso de recoñecemento de obrigas derivadas de contratos menores nos que se teña omitido algún dos trámites previos a este, corresponderalle tamén a autorización e/ou disposición dos gastos no seu caso.
- e) A aprobación de liquidacións tributarias.
- f) A concesión de pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa, de acordo co estipulado na normativa reguladora das Facendas Locais e nas bases de execución do orzamento.
- g) O exercicio das facultades que corresponden á Alcaldía en materia de xestión tributaria.
- h) A aprobación das modificacións orzamentarias que sexan competencia da Alcaldía

*** As condicións específicas do exercicio destas delegacións son as seguintes:**

- Estas delegacións teñen carácter xenérica e, en consecuencia, inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Esta facultade formalizarase mediante Resolución, na que se fará constar que se actúa por delegación e se incorporará no Libro de Resolucións da Presidencia e outros Órganos Unipersoais do Concello.
- Delégase expresamente a facultade de resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra as Resolucións ditadas no exercicio das facultades delegadas.
- No non previsto nesta Resolución, rexerá o establecido nos arts., desde o 114 ao 118, 120 e 121, ámbolos inclusive, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- A enumeración anterior ten carácter enunciativo, co cal deberá interpretarse en relación ao art. 121.2 do R.O.F. e art. 38) do Regulamento Orgánico Municipal.

DELEGACIÓN A PROL DA CONCELLEIRA, D^a MARGARITA FIGUEROA VÁZQUEZ, SEGUNDA TENENTE DE ALCALDE

Delégase nesta Tenencia de Alcaldía a dirección política das áreas de recursos humanos, seguridade cidadá, cooperación e participación cidadá, así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros; a dirección superior dos servizos administrativos integrados na área exercerase sen prexuízo da dirección concreta que corresponda á concellería delegada sobre un determinado servizo segundo dispoña a alcaldía.

*** De xeito xenérico:**

a) Tódalas competencias atribuídas á Alcaldía e comprendidas dentro das áreas de goberno citadas que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á Alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese na delegación a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos distados en uso da delegación conferida.





CONCELLO DE
OLEIROS

- b) A resolución das peticións de acceso á información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas que acrediten un interese lexítimo e directo.
- c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área de delegación.
- d) A autorización e disposición de gastos sobre as aplicacións orzamentarias que correspondan ás áreas delegadas ao dito órgano segundo o orzamento municipal en vigor, agás nas contratacións que excedan de 15.000€ mailo IVE.
- e) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito de delegación.
- f) Dirixir, inspeccionar e impulsar a xestión en cada un dos servizos delegados.
- g) Aprobación dos programas de actuación dos servizos delegados.
- h) Dirixir ao persoal adscrito aos servizos e propoñer sancións ao mesmo.
- i) Visar os permisos e cadro de vacacións do Persoal ao seu cargo, para posterior resolución polo órgano competente.
- j) Propoñer o outorgamento de produtividades individuais.
- k) Defender, ante o Pleno do Concello, as propostas que se formulen en relación cos asuntos obxecto da presente delegación.
- l) Dirixirse mediante calquera tipo de comunicación a Organismos Públicos ou entidades privadas, para a resolución dos asuntos propios das áreas que dirixa.
- m) Solicitude de subvencións relativas aos servizos delegados.
- n) A solicitude telemática de subvencións da Deputación Provincial das áreas da súa delegación, inclusive a sinatura das certificacións que sexan precisas para ditas subvencións.
- o) Autorizar ou realizar convenios ou concertos con outras entidades públicas ou privadas que sexan precisos para os servizos delegados.
- p) As solicitudes de inscrición de marcas ou nomes no rexistro da oficina española de patentes e marcas, sempre que correspondan ás áreas da súa delegación.
- q) A representación do Concello en calquera acto ou trámite relativo a estas materias.

*** Delégase nesta Tenencia de Alcaldía:**

A.- En materia de “Persoal” o exercicio das atribucións que corresponden á Alcaldía nas seguintes materias:

- a) O exercicio das atribucións que correspondan nos procedementos de selección de persoal funcionario, de carreira ou interino, e laboral, permanente ou temporal, o que inclúe a aprobación das convocatorias e bases de selección, a designación dos Tribunais cualificadores e a resolución dos procedementos.
- b) O exercicio das atribucións que correspondan nos concursos de provisión de postos de traballo do Concello, así como dos procedementos de provisión de postos de traballo do Concello mediante libre designación.
- c) A distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas nin periódicas, referidas unicamente a gratificacións individuais, horas extraordinarias e quilometraxe do persoal, dietas por asistencia a tribunais ou comisións de selección, tanto de persoal funcionario como de membros da Corporación, asistencia a sesións de órganos colexiados de goberno, comisións informativas e comisión especial de contas polos membros da Corporación, incentivos de produtividade que exceda das retribucións fixas que por este concepto figuren nos orzamentos do Concello, individualizado para cada funcionario ou traballador.
- d) Resolver, autorizar, dispoñer o gasto e recoñecer a obriga e a ordenación do pagamento da nómina do persoal do Concello.
- e) A aprobación da oferta de emprego público do Concello.
- f) A aprobación das bases reguladoras dos concursos de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación estatal, e a tramitación destes procedementos de provisión de postos de traballo.





CONCELLO DE
OLEIROS

- g) Os nomeamentos de persoal funcionario e a contratación do persoal laboral do Concello.
- h) A concesión de permisos, vacacións e licencias do persoal.
- i) As resolucións relativas ás situacións administrativas do persoal funcionario, así como o recoñecemento de consolidación de grao persoal ou trienios.
- j) As resolucións sobre materias de acción social .
- k) A concesión de anticipos ó persoal, de acordo coas bases de execución do orzamento municipal.
- l) Instruír e resolver os procedementos sancionadores en materia disciplinaria do persoal funcionario ou laboral do Concello.
- m) Resolver as incidencias que se puideran producir entre o persoal adscrito ós diferentes departamentos do Concello, previa audiencia dos Concelleiros delegados das áreas correspondentes así como dos interesados.
- n) As sinaturas dos certificados de servizos prestados polo persoal ó servizo do Concello.
- o) A formación continua do persoal municipal.

B.- En materia de “Participación Cidadá e Cooperación”:

- a) A dirección e coordinación dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros.
- b) A resolución dos procedementos de inscrición de asociacións no rexistro municipal de asociacións

C.- En materia de “Seguridade e Saúde Laboral” relacionada co persoal municipal :

- a) A presidencia do Comité de Seguridade e Saúde Laboral
- b) Ditar calquera acto administrativo que sexa preciso para a dirección deste servizo interno.

D.- En materia de “Seguridade Cidadá” delégase o exercicio das atribucións que corresponden á Alcaldía nas seguintes materias:

Exercer a xefatura da Policía Local, sen prexuízo da xefatura superior do persoal que corresponde ó Alcalde.

- a) Aprobar as quendas de traballo dos Gardas da Policía Local
- b) A resolución dos procedementos de autorización sobre uso de armas e obxectos abandonados
- c) A dirección do servizo de emerxencias e protección civil
- d) Recoñecemento da obriga e ordenación de pagamentos correspondentes a axudas aos voluntarios de protección civil.
- e) A contratación e xestión dos contratos necesarios para a dirección dos servizos de policía e protección civil, no ámbito da súa delegación.
- f) O exercicio da potestade sancionadora en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

*** As condicións específicas do exercicio destas delegacións son as seguintes:**

- Estas delegacións teñen carácter xenérica e, en consecuencia, inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros .Esta facultade formalizarase mediante Resolución, na que se fará constar que se actúa por delegación e se incorporará no Libro de Resolucións da Presidencia e outros Órganos Unipersoais do Concello.
- Delégase expresamente a facultade de resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra as Resolucións ditadas no exercicio das facultades delegadas.
- No non previsto nesta Resolución, rexerá o establecido nos arts., desde o 114 ao 118, 120 e 121, ámbolos inclusive, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- A enumeración anterior ten carácter enunciativo, co cal deberá interpretarse en relación ao art. 121.2 do R.O.F. e art. 38) do Regulamento Orgánico Municipal.





CONCELLO DE
OLEIROS

DELEGACIÓN A PROL DO CONCELLEIRO DE COMUNICACIÓN, NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E MOBILIDADE D. PABLO CIBEIRA TABOADA, TERCEIRO TENENTE DE ALCALDE.

Delégase nesta Tenencia da Alcaldía a dirección política da área **de Comunicación, Novas Tecnoloxías Informática**, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

*** De xeito xenérico**

- a) Tódalas competencias atribuídas á Alcaldía e comprendidas dentro do servizo de comunicación e novas tecnoloxías que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á Alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese na delegación a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.
- b) A resolución das peticións de acceso á información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas que acrediten un interese lexítimo e directo.
- c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área de delegación.
- d) A autorización e disposición de gastos sobre as aplicacións orzamentarias que correspondan as áreas delegadas ao dito órgano segundo o orzamento municipal en vigor, agás nas contratacións que excedan de 15.000€ mailo IVE que lle corresponda.
- e) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito de delegación.
- f) Autorizar ou realizar convenios ou concertos con outras entidades públicas ou privadas que sexan precisos para os servizos delegados.
- g) Dirixir, inspeccionar e impulsar a xestión en cada un dos servizos delegados.
- h) Aprobar os programas de actuación dos servizos delegados.
- i) Dirixir ao persoal adscrito aos servizos e propoñer sancións ao mesmo.
- j) Visar os permisos e cadro de vacacións do Persoal ao seu cargo, para posterior resolución polo órgano competente.
- k) Propoñer o outorgamento de produtividades individuais.
- l) Defender, ante o Pleno do Concello, as propostas que se formulen en relación cos asuntos obxecto da presente delegación.
- m) Dirixirse mediante calquera tipo de comunicación a Organismos Públicos ou entidades privadas, para a resolución dos asuntos propios das áreas que dirixa.
- n) Solicitud de subvencións que correspondan ao servizo de Obras Públicas, agás as que estean expresamente delegadas a outros concelleiros.
- o) A solicitude telemática de subvencións da Deputación Provincial das áreas da súa delegación, inclusive a sinatura das certificacións que sexan precisas para ditas subvencións.
- p) As solicitudes de inscrición de marcas ou nomes no rexistro da oficina española de patentes e marcas, sempre que correspondan ás áreas da súa delegación.
- q) A representación do Concello en calquera acto ou trámite relativo a estas materias.

Correspóndenlle a esta Concellaría en materia de comunicación e novas tecnoloxías da información, as seguintes atribucións:

- a) Modernización e mellora da xestión interna do Concello, tanto desde o punto de vista departamental como transversal
- b) Mantemento e renovación das aplicacións corporativas e departamentais.
- c) Mellora e ampliación dos servizos da administración electrónica adaptándoos tanto a demanda da sociedade como as disposicións legais.





CONCELLO DE OLEIROS

- d) Mellora e mantemento da infraestrutura de sistemas e comunicacións de voz e datos do Concello.
- e) Mantemento e renovación do parque informático municipal.
- f) Soporte aos usuarios no manexo dos sistemas de información municipais e doutras administracións.
- g) Soporte aos cidadáns, provedores e terceiros no uso da plataforma da administración electrónica do Concello.
- h) Oficina de rexistro para a xeración de certificados de empregado público.
- i) Seguridade informática e de comunicacións.
- j) Estratexia de comunicación do Concello, tanto tradicional como dixital
- k) Imaxe corporativa e publicidade
- l) Xestión dos paneis informativos
- m) Relacións cos medios de comunicación
- n) Xestión das contas municipais nas distintas redes sociais
- o) Xestión de contidos do portal web municipal
- p) Seguimento do servizo de telefonía municipal
- q) Implantación e mantemento do portal de transparencia.

En materia de mobilidade, correspóndelle a esta Concellaría.

- a) O exercicio das atribucións da alcaldía en materia de transporte público.
- b) O exercicio das facultades que corresponden á Alcaldía en materia de servizos regulamentados de transporte urbano de viaxeiros en vehículos particulares (autotaxis).
- c) Organización do sistema de mobilidade, tanto no referente á mobilidade motorizada como á natural, o que comprende fluxos de tráfico de automóviles particulares, industriais, transporte público (autobuses, taxis, transporte marítimo), bicicletas, vehículos de mobilidade persoal (vmp) e fluxos peonís.
- d) Sistemas de uso para mellorar a seguridade viaria das estradas, as beirarrúas, rúas convencionais, rúas de coexistencia, sendas anexas ás estradas e sendas no medio natural.
- e) Promoción da mobilidade activa, a mobilidade infantil ou escolar, a da terceira idade, a accesibilidade universal e a relación da mobilidade coa igualdade de xénero.

*** As condicións específicas do exercicio destas delegacións son as seguintes:**

■ Estas delegacións teñen carácter xenérica e, en consecuencia, inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Esta facultade formalizarase mediante Resolución, na que se fará constar que se actúa por delegación e se incorporará no Libro de Resolucións da Presidencia e outros **Órganos Unipersoais do CONCELLO**

Delégase expresamente a facultade de resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra as Resolucións ditadas no exercicio das facultades delegadas.

■ No non previsto nesta Resolución, rexerá o establecido nos arts., desde o 114 ao 118, 120 e 121, ámbolos inclusive, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

■ A enumeración anterior ten carácter enunciativo, co cal deberá interpretarse en relación ao art. 121.2 do R.O.F. e art. 38 do Regulamento Orgánico Municipal.

DELEGACIÓN A PROL DO CONCELLEIRO, D. ANTONIO MOLINOS MARCOTE, CUARTO TENENTE DE ALCALDE

7. Delégase nesta Tenencia de Alcaldía a dirección política da área de Obras Públicas e Medio Ambiente, Servizos e Parques e Xardíns, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros;

Facultades que se delegan:





CONCELLO DE
OLEIROS

*** De xeito xenérico**

- a) Tódalas competencias atribuídas á Alcaldía e comprendidas dentro do servizo de obras públicas que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á Alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese na delegación a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.
- b) A resolución das peticións de acceso á información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas que acrediten un interese lexítimo e directo.
- c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área de delegación.
- d) A autorización e disposición de gastos sobre as aplicacións orzamentarias que correspondan as áreas delegadas ao dito órgano segundo o orzamento municipal en vigor, agás nas contratacións que excedan de 15.000€ mailo IVE en servizos e suministros, e 40.000 mailo IVE no caso de obras.
- e) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito de delegación.
- f) Dirixir, inspeccionar e impulsar a xestión en cada un dos servizos delegados.
- g) Aprobador os programas de actuación dos servizos delegados.
- h) Dirixir ao persoal adscrito aos servizos e propoñer sancións ao mesmo.
- i) Visar os permisos e cadro de vacacións do Persoal ao seu cargo, para posterior resolución polo órgano competente.
- j) Propoñer o outorgamento de produtividades individuais.
- k) Defender, ante o Pleno do Concello, as propostas que se formulen en relación cos asuntos obxecto da presente delegación.
- l) Dirixirse mediante calquera tipo de comunicación a Organismos Públicos ou entidades privadas, para a resolución dos asuntos propios das áreas que dirixa.
- m) Solicitude de subvencións que correspondan ao servizo de Obras Públicas, agás as que estean expresamente delegadas a outros concelleiros.
- n) A solicitude telemática de subvencións da Deputación Provincial das áreas da súa delegación, inclusive a sinatura das certificacións que sexan precisas para ditas subvencións.
- o) Autorizar ou realizar convenios ou concertos con outras entidades públicas ou privadas que sexan precisos para os servizos delegados.
- p) As solicitudes de inscrición de marcas ou nomes no rexistro da oficina española de patentes e marcas, sempre que correspondan ás áreas da súa delegación.
- q) A representación do Concello en calquera acto ou trámite relativo a estas materias.

Correspóndelle a esta Concellaría dentro do servizo de Obras Públicas e medio ambiente, as seguintes atribucións:

- a) Xestión do Departamento de Obras Públicas Municipal, coordinando a súa función na parte administrativa coa responsable desa función e na parte técnica co servizos técnicos que corresponda.
- b) Supervisión e xestión das subvencións tramitadas desde o propio Departamento e tales como, Plan de Obras e Servizos (POS), FEDER, LIDER, Plan Anti-crise, Promoción Económica, etc.
- c) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito de delegación.
- d) Resolver os expedientes de concesión de licenzas de conexión á rede pública de abastecemento de auga potable e/ou redes xerais de saneamento (augas residuais e pluviais para edificacións existentes), resolvendo tamén sobre a devolución das garantías constituídas nestes procedementos.





CONCELLO DE OLEIROS

- e) Resolver os expedientes de concesión de autorización para execución de obras de infraestruturas na vía pública ou para conectarse ás redes de infraestruturas xa existentes, tanto municipais coma privadas que discorren pola vía pública, resolvendo tamén sobre a devolución das garantías constituídas nestes procedementos.
- f) Dirixir a realización de proxectos de obras municipais ata o seu remate e remisión ó Departamento de Contratación Municipal ou calquera outro Organismo Público contratante, se é o caso.
- g) Supervisar a facturación de enerxías (eléctrica, gas, calefacción, etc.) contratadas, propoñendo as modificacións que fosen precisas no contido das características contratadas, se é o caso (tarifa aplicada, reactivas, unificación de contratos, etc.).
- h) Conformar as facturas dos traballos contratados desde o propio Departamento, así como as facturas de certificacións de obra.
- i) Resolver sobre a devolución de garantías prestadas por terceiros nos contratos menores propios do Departamento.
- j) Xestionar a consecución de solo para poder levar adiante as obras municipais.
- k) Asistir ós actos de pagamento do xusto prezo que sexan realizados no Concello por outros Organismos Públicos.
- l) Tramitación de autorizacións de vertidos.
- m) Requirimentos e demais actos administrativos fronte a terceiros en relación cos expedientes de vertidos, propios ou doutras administracións.
- n) Representar ao Concello na Asociación de desenvolvemento rural As mariñas- Betanzos (Grupo de desenvolvemento rural-29), Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” e no Grupo de Acción Local para a Pesca Golfo ártabro Sur (GALP GAS)
- o) A suplencia da alcaldía nos órganos do CEIDA
- p) Control dos vertidos na vía pública, ditando os actos administrativos que sexan necesarios para corrixir os mesmos.

*** As condicións específicas do exercicio destas delegacións son as seguintes:**

■ Estas delegacións teñen carácter xenérica e, en consecuencia, inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Esta facultade formalizarase mediante Resolución, na que se fará constar que se actúa por delegación e se incorporará no Libro de Resolucións da Presidencia e outros **Órganos Unipersoais do CONCELLO**

Delégase expresamente a facultade de resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra as Resolucións ditadas no exercicio das facultades delegadas

■ No non previsto nesta Resolución, rexerá o establecido nos arts., desde o 114 ao 118, 120 e 121, ámbolos inclusive, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

■ A enumeración anterior ten carácter enunciativo, co cal deberá interpretarse en relación ao art. 121.2 do R.O.F. e art. 38 do Regulamento Orgánico Municipal.

DELEGACIÓN A PROL DA CONCELLEIRA, D^a M^a TERESA VÁZQUEZ MASEDA, QUINTA TENENTE DE ALCALDE.

1º.- Delégase nesta Tenencia de Alcaldía a dirección política dos **servizos de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción económica**, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros;

Facultades que se delegan:

A.- De xeito xenérico

a) Tódalas competencias atribuídas á Alcaldía e comprendidas dentro das áreas de goberno citadas que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á Alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese na delegación a facultade de ditar as resolucións





CONCELLO DE OLEIROS

que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.

b) A resolución das peticións de acceso á información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas que acrediten un interese lexítimo e directo.

c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área de delegación.

d) A autorización e disposición de gastos sobre as aplicacións orzamentarias que correspondan as áreas delegadas ao dito órgano segundo o orzamento municipal en vigor, agás nas contratacións que excedan de 15.000 euros maillo IVE que lle corresponda.

e) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito de delegación.

f) Dirixir, inspeccionar e impulsar a xestión en cada un dos servizos delegados.

g) Aprobación dos programas de actuación dos servizos delegados.

h) Dirixir ao persoal adscrito aos servizos e propoñer sancións ao mesmo.

i) Visar os permisos e cadro de vacacións do Persoal ao seu cargo, para posterior resolución polo órgano competente.

j) Propoñer o outorgamento de produtividades individuais.

k) Defender, ante o Pleno do Concello, as propostas que se formulen en relación cos asuntos obxecto da presente delegación.

l) Dirixirse mediante calquera tipo de comunicación a Organismos Públicos ou entidades privadas, para a resolución dos asuntos propios das áreas que dirixa.

m) Autorizar ou realizar convenios ou concertos con outras entidades públicas ou privadas que sexan precisos para os servizos delegados.

n) Solicitude de subvencións e participación en programas relativos aos servizos delegados, agás que estean expresamente delegadas a outros concelleiros e sinatura dos correspondentes convenios para a súa formalización.

o) A solicitude telemática de subvencións da Deputación Provincial das áreas da súa delegación, inclusive a sinatura das certificacións que sexan precisas para ditas subvencións.

p) As solicitudes de inscrición de marcas ou nomes no rexistro da oficina española de patentes e marcas, sempre que correspondan ás áreas da súa delegación.

q) A representación do Concello en calquera acto ou trámite relativo a estas materias.

r) Aprobación das convocatorias de subvencións que afecten os servizos do ámbito da súa delegación, agás naqueles casos en que se trate de convocatorias que afecten conxuntamente a varias concellarías.

s) Concesión das subvencións que se instrúan nos servizos do ámbito da súa delegación, así como aprobación da conta xustificativa, recoñecemento da obriga e orde de pagamento.

t) A efectos do exercicio das competencias relativas ao persoal, adscribíase ao seu cargo o correspondente á unidade xurídica e administración xeral da Área de cultura, deportes, ensino, formación e emprego, xuventude e normalización lingüística.

B.- No Servizo de Deportes delégase asemade o exercicio das atribucións que corresponden á Alcaldía nas seguintes materias:

a) Concesión de autorizacións para uso común especial normal das instalacións deportivas.

C.- No Servizo de Formación e Emprego delégase asemade o exercicio das atribucións que corresponden á Alcaldía nas seguintes materias:

a) Recoñecemento da obriga e ordenación de pagamentos correspondentes a axudas e becas aos alumnos dos cursos do centro municipal de formación.





CONCELLO DE
OLEIROS

D.- No ámbito de Turismo e Promoción Económica délegase asemade o exercicio das atribucións que corresponden á Alcaldía nas seguintes materias:

- a) Dinamización e potenciación da vida económica local
- b) Deseño de plans estratéxicos de desenvolvemento económico
- c) Fomento de actividades económicas
- d) Xestión de feiras tradicionais
- e) Xestión de mercados e venda ambulante

*** As condicións específicas do exercicio destas delegacións son as seguintes:**

■ Estas delegacións teñen carácter xenérica e, en consecuencia, inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Esta facultade formalizarase mediante Resolución, na que se fará constar que se actúa por delegación e se incorporará no Libro de Resolucións da Presidencia e outros **Órganos Unipersoais do CONCELLO**

Delégase expresamente a facultade de resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra as Resolucións ditadas no exercicio das facultades delegadas

■ No non previsto nesta Resolución, rexerá o establecido nos arts., desde o 114 ao 118, 120 e 121, ámbolos inclusive, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

■ A enumeración anterior ten carácter enunciativo, co cal deberá interpretarse en relación ao art. 121.2 do R.O.F. e art. 38 do Regulamento Orgánico Municipal.

DELEGACIÓN A PROL DA CONCELEIRA, D^a AURORA BELÉN TABOADA CASAL SEXTA TENENTE DE ALCALDE

Delégase nesta Tenencia de Alcaldía a dirección política da **área Servizos Sociais e Igualdade** delegación que inclúe a dirección do servizo administrativo e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

*** De xeito xenérico:**

- a) Tódalas competencias atribuídas á Alcaldía e comprendidas dentro das áreas de goberno citadas que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á Alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese na delegación a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.
- b) A resolución das peticións de acceso á información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas que acrediten un interese lexítimo e directo.
- c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área de delegación.
- d) A autorización e disposición de gastos sobre as aplicacións orzamentarias que correspondan as áreas delegadas ao dito órgano segundo o orzamento municipal en vigor, agás nas contratacións que excedan de 15.000€ maillo IVE que lle corresponda.
- e) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito de delegación.
- f) Dirixir, inspeccionar e impulsar a xestión en cada un dos servizos delegados.
- g) Aprobador os programas de actuación dos servizos delegados.
- h) Dirixir ao persoal adscrito aos servizos e propoñer sancións ao mesmo.
- i) Visar os permisos e cadro de vacacións do Persoal ao seu cargo, para posterior resolución polo órgano competente.
- j) Propoñer o outorgamento de produtividades individuais.
- k) Defender, ante o Pleno do Concello, as propostas que se formulen en relación cos asuntos obxecto da presente delegación.





CONCELLO DE OLEIROS

l) Dirixirse mediante calquera tipo de comunicación a Organismos Públicos ou entidades privadas, para a resolución dos asuntos propios das áreas que dirixa.

m) Autorizar ou realizar Convenios ou concertos con outras entidades publicas ou privadas que sexan precisos para os servizos delegados.

n) Solicitude de subvencións relativas aos servizos delegados, agás que estean expresamente delegadas a outro concelleiro.

o) A solicitude telemática de subvencións da Deputación Provincial das áreas da súa delegación, inclusive a sinatura das certificacións que sexan precisas para ditas subvencións.

p) As solicitudes de inscrición de marcas ou nomes no rexistro da oficina española de patentes e marcas, sempre que correspondan ás áreas da súa delegación.

q) A representación do Concello en calquera acto ou trámite relativo a estas materias.

A.- En materia de “Servizos Sociais” delégase en concreto o exercicio das atribucións que corresponden á Alcaldía nas seguintes materias:

a)- Procedementos de selección de adxudicatarios de vivendas de protección pública promovidas polo Concello ou que se constrúan por terceiros sobre parcelas de titularidade municipal.

b)- Procedementos de concesión de prestacións sociais.

c) –Recoñecemento da obriga e ordenación de pagamentos correspondentes a axudas de emerxencia social.

*** As condicións específicas do exercicio destas delegacións son as seguintes:**

- Estas delegacións teñen carácter xenérica e, en consecuencia, inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Esta facultade formalizarase mediante Resolución, na que se fará constar que se actúa por delegación e se incorporará no Libro de Resolucións da Presidencia e outros **Órganos Unipersoais** do **CONCELLO**

- Delégase expresamente a facultade de resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra as Resolucións ditadas no exercicio das facultades delegadas

- No non previsto nesta Resolución, rexerá o establecido nos arts., desde o 114 ao 118, 120 e 121, ámbolos inclusive, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

- A enumeración anterior ten carácter enunciativo, co cal deberá interpretarse en relación ao art. 121.2 do R.O.F. e art. 38 do Regulamento Orgánico Municipal.

DELEGACIÓN A PROL DA CONCELEIRA, DONA MARÍA JOSÉ SANTOS ZAS, SÉTIMA TENENTE DE ALCALDE.

1º.- Delégase nesta Tenencia de Alcaldía a dirección política dos servizos de **Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude** delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros;

Facultades que se delegan:

A.- De xeito xenérico

a) Tódalas competencias atribuídas á Alcaldía e comprendidas dentro das áreas de goberno citadas que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á Alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese na delegación a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.

b) A resolución das peticións de acceso á información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas que acrediten un interese lexítimo e directo.

c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área de delegación.

d) A autorización e disposición de gastos que correspondan as áreas delegadas ao dito órgano segundo o orzamento municipal en vigor, agás nas contratacións que excedan de 15.000€ mailo IVE que lle corresponda.





CONCELLO DE OLEIROS

- e) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito de delegación.
- f) Dirixir, inspeccionar e impulsar a xestión en cada un dos servizos delegados.
- g) Aprobador os programas de actuación dos servizos delegados.
- h) Dirixir ao persoal adscrito aos servizos e propoñer sancións ao mesmo.
- i) Visar os permisos e cadro de vacacións do Persoal ao seu cargo, para posterior resolución polo órgano competente.
- j) Propoñer o outorgamento de produtividades individuais.
- k) Defender, ante o Pleno do Concello, as propostas que se formulen en relación cos asuntos obxecto da presente delegación.
- l) Dirixirse mediante calquera tipo de comunicación a Organismos Públicos ou entidades privadas, para a resolución dos asuntos propios das áreas que dirixa.
- m) Autorizar ou realizar convenios ou concertos con outras entidades públicas ou privadas que sexan precisos para os servizos delegados.
- n) Solicitude de subvencións e participación en programas relativos aos servizos delegados, agás que estean expresamente delegadas a outros concelleiros e sinatura dos correspondentes convenios para a súa formalización.
- o) A solicitude telemática de subvencións da Deputación Provincial das áreas da súa delegación, inclusive a sinatura das certificacións que sexan precisas para ditas subvencións.
- p) As solicitudes de inscrición de marcas ou nomes no rexistro da oficina española de patentes e marcas, sempre que correspondan ás áreas da súa delegación.
- q) A representación do Concello en calquera acto ou trámite relativo a estas materias.
- r) Aprobación das convocatorias de subvencións que afecten os servizos do ámbito da súa delegación, agás naqueles casos en que se trate de convocatorias que afecten conxuntamente a varias concellarías.
- s) Concesión das subvencións que se instrúan nos servizos do ámbito da súa delegación, así como aprobación da conta xustificativa, recoñecemento da obriga e orde de pagamento.

En materia de xuventude correspóndelle expresamente,

- Concesión de autorizacións para uso común especial normal das instalacións municipais.

*** As condicións específicas do exercicio destas delegacións son as seguintes:**

- Estas delegacións teñen carácter xenérica e, en consecuencia, inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Esta facultade formalizarase mediante Resolución, na que se fará constar que se actúa por delegación e se incorporará no Libro de Resolucións da Presidencia e outros Órganos Unipersoais do Concello.
- Delégase expresamente a facultade de resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra as Resolucións ditadas no exercicio das facultades delegadas.
- No non previsto nesta Resolución, rexerá o establecido nos arts., desde o 114 ao 118, 120 e 121, ámbolos inclusive, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- A enumeración anterior ten carácter enunciativo, co cal deberá interpretarse en relación ao art. 121.2 do R.O.F. e art. 38) do Regulamento Orgánico Municipal.

TERCEIRO.- Efectuar as seguintes **delegacións especiais** o abeiro do disposto no artigo 43 do ROF:

DELEGACIÓN ESPECIAL A PROL DA CONCELLEIRA DE ECONOMÍA, FACENDA E CONTRATACIÓN, D^a SANDRA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.

1º.- Delégase na Concelleira Dona Sandra Fernández Fernández ó servizo **de Facenda, Contratación e Patrimonio**, coas seguintes facultades:

- a) Dirixir, inspeccionar e impulsar a xestión en cada un dos servizos delegados.





CONCELLO DE
OLEIROS

- b) Aprobar os programas de actuación dos servizos delegados.
- c) Supervisar ao persoal adscrito aos servizos e propoñer sancións ao mesmo.
- d) Visar os permisos e cadro de vacacións do Persoal ao seu cargo, para posterior resolución polo órgano competente.
- e) Propoñer o outorgamento de produtividades individuais.
- f) Conformar as facturas de gasto de partidas propias do Departamento.
- g) Dirixirse mediante calquera tipo de comunicación a Organismos Públicos ou entidades privadas, para a resolución dos asuntos propios das áreas que dirixa.
- h) Impulsión da contratación e dos expedientes de patrimonio e do Inventario Municipal.
- i) Sinatura de documentos contables baixo a dirección da tenencia de alcaldía responsable da área.

2º.- Facultades que se delegan de conformidade co artigo 43.5.a) do R.O.F.:

- a) A autorización e disposición de gastos sobre as aplicacións orzamentarias que correspondan ao servizo delegado ao dito órgano segundo o orzamento municipal en vigor, agás nas contratacións que excedan de 15.000€ maillo IVE que lle corresponda.
- b) Propoñer a realización de convenios ou concertos con outras entidades públicas ou privadas que sexan precisos para os servizos delegados.
- c) Instrución dos expedientes de contratación. Nesta materia poderá ditar resolucións que terán efectos fronte a terceiros sempre que non impliquen a asunción da competencia para contratar.
 - Providencias de inicio do expediente.
 - Especialmente no procedemento negociado a proposta de publicar no Perfil do Contratante ou invitar, a polo menos, tres empresas.
 - Resolución de devolución de garantías provisionais ou definitivas cando proceda nos expedientes que se tramiten no departamento de contratación.
 - Presidir as mesas de contratación.

DELEGACIÓN ESPECIAL A PROL DO CONCELEIRO, D. JAIME RUMBO MOSQUERA

Delégase de xeito especial, en relación cos Servizos Municipais, as seguintes facultades:

- a) Dirixir, inspeccionar e impulsar a xestión en cada un dos servizos delegados.
- b) Aprobar os programas de actuación dos servizos delegados.
- c) Supervisar ao persoal adscrito aos servizos e propoñer sancións ao mesmo.
- d) Supervisión dos servizos de bombeos e depuradoras, mobiliario urbano e servizos de mantemento das redes públicas, tanto de pluviais coma de fecais.
- e) A supervisión da limpeza dos centros públicos tanto si se executa con medios propios como con contratacións externas.
- f) Propoñer ao concelleiro con delegación xenérica neste servizo a realización de gastos para o correcto funcionamento.

DELEGACIÓN ESPECIAL A PROL DA CONCELEIRA DE PARQUES E XARDÍNS, Dª ROSA Mª MÉNDEZ GÓMEZ.

Delégase de xeito especial en relación cos Parques e Xardíns, as seguintes facultades:

- a) Dirixir, inspeccionar e impulsar a xestión en cada un dos servizos delegados.
- b) Aprobar os programas de actuación dos servizos delegados.
- c) Supervisar ao persoal adscrito aos servizos e propoñer sancións ao mesmo.
- d) Supervisar a execución dos seguintes servizos tanto si son prestados por medios propios como por empresas privadas.





CONCELLO DE
OLEIROS

- Mantemento de parques e xardíns.
- Limpeza de vías públicas
- Limpeza de praias.
- Desbroces de camiños
- Propoñer ao concelleiro con delegación xenérica neste servizo a realización de gastos para o correcto funcionamento.

DELEGACIÓN ESPECIAL A PROL DA CONCELEIRA DE SANIDADE E CONSUMO, D^a MARTA M^a MARTINEZ MARTINEZ

1º.- Delégase na Concelleira Dona Marta María Martínez Martínez ó servizo **de Sanidade e Consumo**, coas atribucións que se sinalan:

- a) Dirixir, inspeccionar e impulsar a xestión en cada un dos servizos delegados.
- b) Aprobos os programas de actuación dos servizos delegados.
- c) Conformar as facturas de gasto de partidas propias dos servizos delegados.
- d) Dirixirse mediante calquera tipo de comunicación a Organismos Públicos ou entidades privadas, para a resolución dos asuntos propios das áreas que dirixa.
- e) Supervisar a execución dos seguintes servizos tanto si son prestados por medios propios como por empresas privadas.
 - Desinfectación e desratización
 - Lacería
 - Control sanitario da calidade das augas

2º.- Facultades que se delegan de conformidade co artigo 43.5.a) do R.O.F.:

- a) A autorización e disposición de gastos sobre as aplicacións orzamentarias que correspondan ao servizo delegado ao dito órgano segundo o orzamento municipal en vigor, agás nas contratacións que excedan de 15.000€ mailo IVE que lle corresponda.
- b) A resolución con efectos fronte a terceiros dos expedientes de limpeza de fincas, outorgamento de licenzas de tenencia de animais e incorporación aos rexistros de animais.

CUARTO.- A Alcaldía asumirá directamente a dirección das áreas de Presidencia e o exercicio das competencias relacionadas coas materias atribuídas á devandita área, así como a dirección superior da área de urbanismo, e, en xeral, e de xeito residual, aquelas funcións que non estean asignadas a unha concreta área de goberno ou a unha Tenencia de alcaldía ou concellería delegada.

QUINTO.- As delegacións acordadas no apartado anterior quedan suxeitas ó seguinte réxime xurídico:

- a) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que se diten, en conformidade co que dispón o artigo 9 da Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.
- b) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións emanados en virtude da delegación, a de ser informado previamente á adopción de decisións de transcendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do ROF.
- c) A Alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.
- d) A Alcaldía poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015 do 1 de outubro.
- e) Corresponderá á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución, así como os conflitos positivos ou negativos de competencias que poidan xurdir entre os órganos delegados en relación co exercicio dunha concreta función.
- f) A alcaldía da Corporación conservará en todo caso o exercicio das seguintes atribucións:





CONCELLO DE OLEIROS

- 1) As atribucións que en materia de contratación lle concede a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sempre que supere o importe de 100.000€ mailo IVE, é dicir aprobación do expediente de contratación, autorización e disposición do gasto e adxudicación, nos expedientes de importe superior a 100.000 mailo IVE.
- 2) A aprobación de proxectos de obra, consonte o disposto no artigo 21.1.o) da Lei 7/1985, de 2 de abril, que superen o importe mencionado no apartado anterior
- 3) As atribucións en materia de adquisición de bens inmobles e dereitos e de alleamento do patrimonio que lle concede a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público.
- 4) As resolucións de alta, baixa ou modificación dos bens e dereitos inscritos no Inventario de bens do Concello.

SEXTO.- As referencias que contén esta resolución a preceptos de normas concretos entenderanse feitas de xeito automático ós preceptos das normas que as modifiquen ou substitúan.

SETIMO.- Corresponde á alcaldía a resolución dos recursos extraordinarios de revisión que se presentaren contra os actos administrativos ditados en exercicio das facultades delegadas.

OITAVO.- Esta resolución será efectiva dende o día da súa sinatura e será feita pública mediante a inserción dun edicto no Boletín Oficial da provincia de A Coruña, en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Asemade, esta resolución será notificada ós interesados para a súa aceptación, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do ROF, a delegación entenderase aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.

NOVENO.- Desta resolución darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar, en cumprimento do que dispón o artigo 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

DÉCIMO.- Contra este acordo, por ser un acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano administrativo que a dita no prazo DUN MES que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Tamén poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de DOUS MESES que comezarán a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da antedita Lei 39/2015 de 1 de outubro, LPACAP de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes."

Punto 8.- Dar conta da formación de grupos políticos municipais, dos seus integrantes, de Voceiros, dos seus suplentes e de autorización dos membros electos da Corporación de comunicación de documentación municipal a través de correo electrónico

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos escritos presentados polas candidaturas que acadaron representación no pleno municipal a efectos de constituírse en grupo político municipal e que foron os seguintes:

"Presentados os escritos por parte das seguintes formacións políticas representadas no pleno do concello de Oleiros:

- PSdeG-PSOE (R.E. 2023011706, de 21 de xuño de 2023).
- Alternativa dos Veciños (R.E. 2023011861, de 21 de xuño de 2023)
- Partido Popular (R.E. nº 20230012060, de 22 de xuño de 2023).

De conformidade co artigo 4.1 e 42 do Regulamento Orgánico Municipal, cada partido político, federación ou agrupación constituirá un único grupo, ningún pode pertencer simultaneamente a máis dun grupo e para





CONCELLO DE OLEIROS

constituír grupo político municipal requiriranse un mínimo de dous ou dúas concelleiras. En aplicación do citado precepto procede, constituír os grupos municipais de “Alternativa dos Veciños”, “Popular” e “Socialista”.

En consecuencia **PROPONSE**:

- Constituír os grupos políticos municipais:

- 1) “Alternativa dos Veciños”.
- 2) “Popular”.
- 3) “Socialista”.

Intervén neste asunto a voceira do goberno municipal “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, para facer o matiz de que como se puido comprobar no pleno de constitución o concelleiro do BNG aínda non tomou posesión, polo que no intre no que faga efectiva a súa toma de posesión poderá constituír o seu propio grupo político municipal.

Antes de pasar a tratar o asunto seguinte, a voceira do grupo “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, pregunta ó alcalde que sabendo que son asuntos de dar conta, gustaríalles pode preguntar algunha cuestión a respecto da creación das áreas municipais, ó que lle responde o alcalde, D. **Ángel García**, que son asuntos de dar conta e non procede o debate, teñen a documentación nas súas mans e nela consta todo o relativo ós asuntos sinalados.

Punto 9.- Adopción de acordo, se procede, de delegación de competencias do Pleno do Concello na Xunta de Goberno Local

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando a proposta presentada sinalando que a delegación do exercicio de determinadas atribucións permite unha maior axilidade e eficacia no funcionamento da administración municipal, polo que se considera convinte establecer un réxime de delegacións a prol da Xunta de Goberno Local, polo que se propón delegar:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- A concertación das operacións de crédito nas que a súa contía acumulada exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento.
- As contratacións de obras, servizos, subministracións, xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e contratos privados, cando os seus importes superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso os 6 millóns de euros, así como os plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos.
- As concesións sobre bens e servizos das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e os 3 millón de euros, así como o alleamento do patrimonio cando o seu valor supere a porcentaxe e a contía indicados. Co límite, no caso das concesión das de duración superior a 5 anos sempre que o importe supere o 20% dos recursos ordinarios do orzamento e nos alleamentos de bens que superen o 20% dos recursos ordinarios do orzamento.
- e) A aprobación de proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión o pleno e cando non estean previstos no orzamento.





CONCELLO DE
OLEIROS

f) A aprobación de prezos públicos

g) Por último delégase expresamente a facultade de resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra as Resolucións ditadas no exercicio das facultades delegadas.

Estas delegacións quedan suxeitas ó seguinte réxime xurídico:

- O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que se diten.
- O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada.
- O Pleno da Corporación poderá revogar as delegacións coas mesmas formalidades tomadas para a súa aprobación.
- Os acordos que tome a Xunta de Goberno Local no exercicio das facultades delegadas polo Pleno deberán estar precedidos do ditame da correspondente comisión informativa, agás no caso de urxencia. Neste suposto darase conta á comisión do acordo tomado na primeira sesión que tiver lugar.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, pondo de manifesto que se baleira de contido ó pleno municipal ó se delegar unha parte importante das súas competencias na xunta de goberno local.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que segundo se manifesta na proposta deste asunto, algunhas atribucións do pleno serán delegadas na xunta de goberno local para unha maior axilidade e eficacia pero tamén, iso non o dí, para ter un menor control.

Está claro que neste pleno ten que escoitar ós demais grupos da corporación, mentres que na xunta de goberno local só asisten os seus concelleiros e concelleiras, de aí que decida levarse todos os asuntos relevantes á xunta de goberno deixando ó pleno municipal baleiro de contido e só unha soa vez ó mes, porque enumerou uns cantos concellos onde se celebra un só pleno mensual, aínda que ela poderá enumerar outros moitos que os convocan con maior asiduidade e isto non é axilidade nin eficacia, é ocultación e falla de democracia.

Todo o que exceda do 10% do orzamento municipal debaterase na xunta de goberno local, entón pregunta ¿Qué lles queda para tratar nos plenos? A calderilla, perigo Sr. García, se non ten nada que ocultar cal é razón para non querer debater. Está a trasladar á xunta de goberno local os cartos, as contratacións, as concesións, as adquisicións, as obras, pódese dicir que o que queda para as sesións plenarias son as declaracións institucionais e pouco máis. Queda claro que pensa o alcalde facer cousas que os demais grupos non aceptarían, que lle criticarían ou afearían, así que para evitar isto decide non compartilas, con estas medidas insiste en que está a suprimir en Oleiros a democracia, implantando un réxime caciquil, dictatorial e monopolista, unha bágoa.

Por unha banda, o alcalde impide as retribucións ós grupos políticos da oposición, por certo a única cifra que non foi obxecto de variación nin no ano 2019, nin antes, foron os 150€ que asigna de dieta ós concelleiros e concelleiras da oposición por asistir ó único pleno mensual. Suprime tamén o persoal eventual, nesas concellos ós que aludiu limítrofes con Oleiros teñen persoal eventual para facilitarlle o traballo ós grupos da oposición, para axudar no





CONCELLO DE OLEIROS

labor de control e fiscalización, parece que ó alcalde isto non se lle pasa pola cabeza a pesares da democracia e singularidade de Oleiros.

Non saben, non se comenta nada neste plan de funcionamento, nin dun local para os grupos políticos da oposición, nin dunha asignación para desenvolver ese traballo, é dicir, nin recursos, nin local, nin nada e agora tamén sen funcións, porque aprobando esta proposta baleira de contido o único pleno mensual do concello.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestándolle á voceira do grupo municipal “Socialista” que segue coa mesma demagogía, salienta que delega para ter menor control, ocultación pero non sabe a nomeada voceira que todo o que vaia a xunta de goberno vai pasar primeiro polo ditame da comisión informativa, polo que terán toda a información necesaria.

Insiste en que deléganse as funcións que sinala a lei, aprobada ademais polo ex presidente do seu partido Felipe González, e logo houbo máis presidentes pero tampouco as modificaron, así que non sabe porque se ven lamentar aquí, cando insiste en que o seu partido que goberna España non cambia esa lei.

Aquí non existe ocultación de ningún tipo, todo se publica, con luz e taquígrafos e o que ten que facer é cando sexa convocada a unha comisión, vir e estudar os asuntos para coñecelos e déixese de falar de rexímenes dictatoriais porque a veciñanza xa o coñecen de sobra e en canto ó local para os grupos da oposición, xa o teñen acondicionado e en perfectas condicións para poder utilizalo cando desexen.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta presentada, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“O artigo 22 da Lei 7/1985 de 2 de abril, enumera as atribucións do pleno do Concello e permite que o exercicio dalgunhas delas sexan delegadas noutros órganos de goberno do Concello, en concreto na Xunta de Goberno Local, tal como informa a Secretaría Accidental.

A delegación do exercicio de determinadas atribucións permite unha maior axilidade e eficacia no funcionamento da administración municipal, polo que se considera convinte establecer un réxime de delegacións a favor da Xunta de Goberno Local.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello acorda:

“**Primeiro.**– Delegar as competencias que se sinalan do Concello Pleno a prol da Xunta de Goberno Local:

a) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria (art. 22.2.j) L.R.B.L.).

b) A declaración de lesividade dos actos do Concello (art. 22.2.k) L.R.B.L.).

c) A concertación das operacións de crédito nas que a súa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento –agás as de tesourería, que lles corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada intre supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora de Facendas Locais (art. 22.2.m) L.R.B.L.).

d) As contratacións de obras, servizos, subministracións, xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e contratos privados cando os seus importes superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso os seis millóns de euros, así como os plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro





CONCELLO DE OLEIROS

anos ou de duración menor, cando o importe acumulado de tódalas súas anualidades supere a porcentaxe indicada referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio. Asemade deléganse as concesións sobre bens e servizos das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos a lexislación patrimonial cando o seu valor supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e os tres millón de euros, así como o alleamento do patrimonio cando o seu valor supere a porcentaxe e a contía indicados. Co límite, no caso das concesión das de duración superior a cinco anos sempre que o importe supere o 20% dos recursos ordinarios do orzamento, e nos alleamentos de bens que superen o 20% dos recursos ordinarios do orzamento. Dita competencia recollese na Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector público, disposición adicional segunda.

e) A aprobación de proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión ao pleno e cando non estean previstos no orzamento (art. 22.2.ñ) L.R.B.L.).

f) A aprobación de prezos públicos (art. 47.1 R.D.L. 2/2004 –T.R. da L.R.F.L.-).

g) Delégase expresamente a facultade de resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra as Resolucións ditadas no exercicio das facultades delegadas.

Segundo.- As delegacións acordadas neste acordo quedan suxeitas ó seguinte réxime xurídico:

a) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que se diten, en conformidade co que dispón o artigo 12 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

b) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións emanados en virtude da delegación, a de ser informado previamente á adopción de decisións de transcendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do ROF.

c) O Pleno da Corporación poderá revogar as delegacións coas mesmas formalidades tomadas para as aprobar.

d) Os acordos que tome a Xunta de Goberno Local no exercicio das facultades delegadas polo Pleno deberán estar precedidos do ditame da correspondente comisión informativa, agás no caso de urxencia, e neste suposto darase conta á comisión do acordo tomado na primeira sesión que tiver lugar.

Terceiro.- As referencias que contén este acordo a preceptos de normas concretos entenderanse feitas de xeito automático ós preceptos das normas que as modifiquen ou substitúan.

Cuarto.- Este acordo será efectivo dende o día seguinte ó da súa adopción e será feito público mediante a inserción dun edicto no Boletín Oficial da provincia de A Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Quinto.- Contra este acordo, por ser un acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano administrativo que a dita no prazo DUN MES que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Tamén poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de DOUS MESES que comezarán a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da antedita Lei 39/2015 de 1 de outubro, LPACAP de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes."

Punto 10.- Adopción de acordo, se procede, de constitución da Mesa de Contratación con carácter permanente para asuntos de competencia plenaria

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", D^a **M^a José Varela**, explicando que se propón constituír a mesa permanente do órgano de contratación do pleno do Concello de Oleiros, como asistencia do órgano de contratación competente en tódolos contratos que asine esta entidade local e sexan





CONCELLO DE
OLEIROS

obxecto de adxudicación mediante procedemento aberto, aberto simplificado, restrinxido, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación, designándose ós integrantes seguintes:

- Presidenta.- A concelleira D^a Sandra Fernández Fernández e como vogais:
- D. Vicente José Calvo del Castillo, interventor municipal.
- D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria municipal.
- D^a Ana María Vázquez Fernández, Técnico de contratación.
- Actuando como secretario o administrativo do área de contratación, D. José M. Díaz.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, o réxime de suplencias de integrantes da Mesa de Contratación Permanente será o seguinte:

- Presidente.- O concelleiro D. Antonio Molinos Marcote e os vogais:
- O/ATécnico/a municipal a nomear pola Dirección Xeral de Admón. Local que substitúa ó/á interventor/a municipal.
- O/A Técnico/a municipal a nomear pola Dirección Xeral de Admón. Local que substitúa á/ó secretaria/o municipal.
- D^a Susana Miranda Fernández, Asesora Xurídica de Cultura, Deportes, Educación.
- Secretario.- O auxiliar administrativo do área de contratación, D Iago López Alvarez.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, manifestando que dando exemplo de transparencia cren que debería formar parte da mesma algún membro da corporación que non formase parte do goberno municipal debendo, polo tanto, seguir reclamando maior transparencia en tódolos procedementos.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, dicindo que quere facer un par de matizacións ó dito ata agora porque, non todo se publica, de feito para coñecer os salarios da corporación anterior despois de moito buscar viunos na publicación “Vivir en Oleiros” que foi onde saíron os datos e resulta que os datos que se publicaron na páxina web municipal, corresponden coas retribucións do ano 2015, polo que existiu un tempo máis que prudencial para actualizalos, aínda que non cre que sexa mala fé senón despiste.

Logo, se fan unha extrapolación con outros concellos facendo una simple regra de tres en atención á poboación, Coruña en canto a Oleiros, corresponderíanlle 44 postos de persoal eventual, é dicir, nin 44 sería normal para unha cidade como A Coruña, nin 7 aínda que a lei o permita sexan as que se propoñan para Oleiros, polo que lle gustaría matizar esta cuestión en canto a que a lei permite, non obriga e atendendo ó dito como parece que a demagogia non é un insulto, prescindirá da quenda de réplica.

En canto ó asunto en cuestión, dous matices, a primeira no senso técnico a composición da comisión da cumprimento a unha necesidade técnica, pero cómpre máis aló porque como socialistas levan no seu programa a creación dun portal de transparencia real, no que se informará das contas do concello. Por outra banda, tamén se comprometen, e así o exixen por respecto a todos e todas que confiaron neles, que serán máis no futuro non o





CONCELLO DE OLEIROS

dubiden, que as actuacións de contratación promovidas polo concello, sexa cal sexa o seu importe, publicaranse na páxina web municipal, previo debate nas comisións correspondentes.

Tamén, unha rectificación de carácter formal, dado que se a Sra. Fernández figura como presidente da mesa e o Sr. Molinos como presidenta suplente, non sabe se foi un cambio de última, pero aínda que poida parecer un tema menor, co pouco tempo que tiveron para preparar todos estes asuntos desta sesión plenaria e non dispór dos medios cos que conta o goberno municipal con dedicación, os integrantes do grupo socialista teñen unha dedicación profesional distinta, que serva de testemuña que preparan a conciencia os asuntos.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que é certo que se trata dun erro aínda que neste goberno municipal non haxa ningún problema co tratamento de xénero.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta presentada, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o disposto no art. 326, apartado 7 da Disposición Adicional Segunda da Lei de Contratos do Sector Público, e os arts. 21 e 22 do RD 817/2009, de desenvolvemento parcial da sinalada lei, as mesas de contratación nas entidades locais terán a seguinte composición, estarán presididas por unha persoa integrante da Corporación ou unha persoa funcionaria da mesma e formarán parte dela, como vocais, o Secretario/a ou, no seu caso quen sexa titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor/a, ou, no seu caso, quen sexa titular do órgano que teña atribuídas as funcións de control económico-presupostario, así como demais integrantes que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou persoas electas da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. As persoas electas que, no seu caso, formen parte da Mesa de Contratación non poderán supor máis dun tercio do total de integrantes da mesma. Actuará como Secretario/a unha persoa funcionaria da Corporación.

Nas entidades locais municipais, mancomunidades e consorcios locais, poderán integrarse na Mesa, persoal ao servizo das correspondentes Deputacións Provinciais ou Comunidades Autónomas uniprovinciais.

En ningún caso poderán formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas, persoal eventual. Poderán formar parte da Mesa persoal funcionario interino únicamente cando non exista funcionariado de carreira suficientemente cualificado e así se acrediten no expediente.

A Composición da Mesa publicárase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente. Poderanse constituir Mesas de Contratación permanentes.

Propónse a adopción dos acordos seguintes:

Primeiro.- Constituír a Mesa de Contratación Permanente do órgano de contratación pleno do Concello de Oleiros, que actuará como órgano de asistencia do órgano de contratación competente en tódolos contratos que asine esta entidade local e sexan obxecto de adxudicación mediante procedemento aberto, aberto simplificado, restrinxido, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación.

Segundo.- Designar integrantes da nomeada Mesa de Contratación Permanente a:

- Presidenta.- D^a Sandra Fernández Fernández (concelleira).
- Vogais:
- D. Vicente José Calvo del Castillo, interventor municipal.
- D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria municipal.





CONCELLO DE OLEIROS

- D^a Ana María Vázquez Fernández, TAE de contratación.
- Secretario.- José M. Díaz García, administrativo do área de contratación.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, o réxime de suplencias de integrantes da Mesa de Contratación Permanente será o seguinte:

- Presidente.- D. Antonio Molinos Marcote, Concelleiro.
- Vogais:
 - Técnico/a municipal a nomear pola Dirección Xeral de Admón. Local que substitúa ó/á interventor/a municipal.
 - Técnico/a municipal a nomear pola Dirección Xeral de Admón. Local que substitúa á/ó secretaria/o municipal.
 - D^a Susana Miranda Fernández, Asesora Xurídica de Cultura, Deportes, Educación.
 - Secretario.- Iago A. López Álvarez, auxiliar administrativo do área de contratación.

Tódalas persoas integrantes da Mesa de Contratación Permanente terán voz e voto, agás a persoa que desenvolva a secretaría da mesma, que unicamente terá voz.

Ás reunións da Mesa de Contratación Permanente poderanse incorporar, previo acordo da mesma e a solicitude da Presidencia, o persoal funcionario ou de asesoría especializada que resulte necesario, segundo a natureza dos asuntos a tratar, que actuarán con voz pero sen voto.

Para a válida constitución da mesa deberán estar presentes a maioría absoluta das persoas que a compoñen e, en todo caso, o/a presidente/a, o/a secretario/a e o/a vogal que teña atribuídas as funcións correspondentes ó asesoramento xurídico e ó control económico-orzamentario do órgano.

Terceiro.- Ordenar a publicación dos presentes acordos no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboleiro de Anuncios sito na Sede Electrónica Municipal, así coma no Perfil do Contratante.

Cuarto.- Dar traslado do nomeamento das persoas integrantes da Mesa de Contratación Permanente as persoas designadas."

Punto 11.- Adopción de acordo, se procede, de creación e composición da comisión informativa de asuntos de competencia plenaria e comisión especial de contas

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", D^a **M^a José Varela**, explicando que se propón a creación da comisión informativa de "asuntos de competencia plenaria", que actuará simultaneamente tamén como comisión especial de contas, estará presidida polo alcalde ou concelleiro ou concelleira na que delegue; vogais, un representante titular e suplente do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"; un representante titular e suplente do grupo municipal "Popular"; un representante titular e suplente do grupo municipal "Socialista" e un representante do grupo municipal "Mixto"-BNG.

Intervén o concelleiro do grupo "Socialista", D. **Jesús Fernández**, salientando que as presas nunca son boas compeñeiras e convocar esta sesión plenaria coa importancia que teñen estes asuntos con tanta celeridade leva a eivas, o ROM do concello de Oleiros no seu art. 39 salienta a creación da comisión especial de contas na primeira sesión plenaria extraordinaria que teña lugar, trala sesión constitutiva, ata aquí todo ben en relación con este punto nº 11 do decreto de convocatoria de pleno, pero é que no seguinte (nº 12) presentan na orde do día dar conta do decreto da alcaldía pola que se delega a presidencia da comisión informativa de "asuntos de competencia plenaria" na 1ª Tte. de alcalde, D^a **M^a José Varela**, non da comisión especial de contas, ¿É o mesmo órgano?, polo que gustaríalle que deran cumprida resposta a esta cuestión.





CONCELLO DE OLEIROS

Contéstalle a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, que se trata do mesmo órgano, dado que se trata da comisión informativa de “asuntos de competencia plenaria”, que fai tamén función de comisión especial de contas.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta presentada, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **sete (07) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“1.- O artigo 38 do Real decreto 2568/1986 dispón que dentro dos trinta días que sigan á data de constitución da Corporación o Pleno deberá tomar, entre outros, o acordo de creación e composición das comisións informativas permanentes.

2.- O artigo 48 do Regulamento orgánico do Concello (ROM) e o artigo 125 do Real Decreto 2568/21986, do 28 de novembro, dispoñen que as comisións informativas permanentes estarán integradas exclusivamente por persoas que forman parte da Corporación e terán por obxecto o exame, estudio e consulta dos asuntos que se sometan ó Pleno da Corporación ou á Xunta de Goberno Local, cando esta última exerza atribucións delegadas polo Pleno.

3.- O artigo 41 do ROM establece que as comisións informativas permanentes estarán presididas polo alcalde da Corporación e unha persoa en representación de cada grupo político, que disporán de voto ponderado.

4.- O artigo 39 do ROM establece que por acordo plenario que así o estableza, a Comisión Especial de Contas, poderá actuar como comisión informativa permanente para os asuntos de Economía e Facenda, así como outros que poidan encomendárselle. Considérase conveniente, por razóns de eficacia, que a Comisión Especial de Contas funcione ó tempo como comisión informativa permanente para os asuntos de economía e facenda, así como de urbanismo e medio ambiente.

5.- De conformidade co artigo 43 do ROM, corresponderá á presidencia das comisións informativas permanentes fixar a periodicidade das súas sesións ordinarias.

Por todo o ata aquí exposto, e a proposta da presidencia da Corporación, o Pleno acorda:

Primeiro.- Crear as seguintes comisións informativas permanentes:

A.- Comisión informativa para asuntos de competencia plenaria, que actuará simultaneamente como Comisión especial de contas, ó abeiro do artigo 39 do ROM

Corresponderalle o coñecemento, estudio e informe dos asuntos que se dirixan ó Pleno da Corporación e como Comisión especial de contas, corresponderalle o informe, exame e estudio das contas orzamentarias e extra orzamentarias do Concello que deba aprobar o Pleno, en conformidade coa normativa sobre Facendas Locais.

Segundo.- A comisión informativa estará integrada polas seguintes persoas:

Presidente.- O alcalde ou concelleira ou concelleiro en quen delegue.

Vogais:

Unha persoa en representación (titular e suplente) do Grupo municipal “Alternativa dos Veciños”.

Unha persoa en representación (titular e suplente) do Grupo municipal “Popular”.

(Unha persoa en representación titular e suplente) do Grupo municipal “Socialista”.

Unha persoa en representación do Grupo municipal “Mixto-BNG”.

Secretario/a: O secretario/a do concello ou persoa en quen delegue.

Terceiro.- Notificar esta acordo aos diferentes grupos políticos municipais, facéndolles saber que deberán designar aos seus representantes na comisión, de conformidade co disposto no artigo 42 do Regulamento orgánico municipal (ROM) do Concello de Oleiros, as comisións informativas permanentes estarán presididas polo Alcalde e integradas por un/ha vogal titular por cada grupo político, que terá voto ponderado, a





CONCELLO DE OLEIROS

designación dos respectivos grupos políticos mediante escrito dirixido á alcaldía no que designarán á vogalía titular e é-suplente, e do que se dará conta ó Pleno da Corporación.

Cuarto.- As referencias que contén este acordo a preceptos de normas concretas entenderanse feitas de xeito automático ós preceptos das normas que as modifiquen ou substitúan.

Quinto.- Contra este acordo, por ser un acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano administrativo que a dita no prazo DUN MES que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Tamén poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de DOUS MESES que comezarán a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da antedita Lei 39/2015 de 1 de outubro, LPACAP de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes."

Punto 12.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2023003282, mediante o cal se delega a presidencia da comisión informativa de asuntos de competencia plenaria e da comisión especial de contas na 1ª Tte. de alcalde

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do Decreto da Alcaldía, nº 2023003282, de 21 de xuño, mediante o cal se resolve o seguinte:

"Por acordo do pleno creouse a comisión informativa permanente seguinte:

- Comisión informativa Permanente para asuntos de competencia plenaria.

Tendo en conta o disposto no artigo 42 do R.O.M., o Alcalde é o presidente nato de tódalas comisións, pero en todo caso a presidencia efectiva poderá delegala en calquera concelleiro. Dita delegación realizarase mediante Decreto, dando conta ó pleno e publicidade no taboleiro de anuncios e na emisora municipal. En todo caso o presidente efectivo conservará o voto de calidade, para a resolución de empates (art. 43 do R.O.M.)

As comisións informativas celebrarán sesións ordinarias nas datas que establezan a alcaldía-presidencia da corporación ou/a presidente das comisións, quen poderá ase mesmo convocar sesións extraordinarias e urxentes. As convocatorias corresponderán á alcaldía-presidencia ou/ao presidente/a das comisións e deberán ser notificadas aos membros das comisións ou no seu caso aos grupos políticos municipais cunha antelación de dos días hábiles agás as urxentes (art. 44 do R.O.M.).

Por todo o exposto, o Alcalde no uso das facultades que a Lei me concede:

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar na Primeira Tenente de Alcalde e Concelleira de Interior, Dª María José Varela Neira, a presidencia da Comisión Informativa Permanente para asuntos de competencia plenaria.

Segundo.- Notifíquesele ós interesados e dese conta na vindeira sesión plenaria que se celebre, publicando no BOP así como no taboleiro de anuncios sito na Sede Electrónica municipal.

Terceiro.- Contra este acordo, por ser un acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano administrativo que a dita no prazo DUN MES que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Tamén poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de DOUS MESES que comezarán a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo isto sen perxuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da antedita Lei 39/2015 de 1 de outubro, LPACAP de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes."





CONCELLO DE
OLEIROS

Punto 13.- Adopción de acordo, se procede, de designación da representación municipal á Sociedade “EDAR BENS S.A.” e ó Consorcio “As Mariñas”

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando a proposta presentada que se concreta en designar ó alcalde, D. Ángel García Seoane, representante do Concello de Oleiros na Xunta Xeral da Sociedade Edar Bens SA, designando tamén á 1^a Tte. de Alcalde, D^a M^a José Varela, como representante deste Concello no Consello de Administración da sociedade Edar Bens.

Isto en primeiro lugar, en segundo, designar ó alcalde, D. Ángel García Seoane, como representante titular do Concello de Oleiros nos órganos do Consorcio das Mariñas, designando como o seu suplente á 1^a Tte. de Alcalde, D^a M^a José Varela Neira, nos órganos do nomeado Consorcio.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, anunciando o voto en contra do seu grupo porque queren presentar unha proposta fresca, chea de traballo e ilusión, para darlle a Oleiros o aire fresco que tanto precisa tras un liderazgo de 40 anos.

Foron anos de maiorías absolutas que pechan a porta a calquera proposta de cambio ou innovación, mantendo o concello coa mesma dinámica pesonalista e de confrontación do século pasado, esa dinámica foi a que levou ó Sr. García a querelarse por supostas contratacións irregulares de diversos cargos do Consorcio “As Mariñas”, incluíndo ó presidente e técnicos, como o xerente.

O xulgado de instrución nº 2 de Betanzos, sobreseíu provisionalmente arquivando as actuacións. A sección 2^a da Audiencia Provincial da Coruña, confirmou en xullo de 2022 de xeito definitivo o sobreseimento provisional e arquivo desas actuacións.

Sr. García, é para isto para que quere representar á veciñanza de Oleiros na Edar Bens ou no Consorcio As Mariñas. Respecto ó da Edar Bens, estaría ben que quen fose finalmente a representar a este concello, se vaia preocupando de volver licitar a comporta da Edar, porque quedou deserta e por non tela, cando hai temporal en pleamar, entra auga de mar que deteriora o reactor biolóxico da planta, que vaian ós órganos que sexa para mellorar as cousas e non buscar confrontacións.

É máis importante aínda, falando da Edar Bens, e sen saír do concello en preocuparse en mellorar a rede de saneamento de Oleiros, dado que non chega a moitos veciños e veciñas, sendo esencial, **base lembrar o episodio que remata de vivirse en Betanzos co tema do auga.**

Para evidenciar de ter un Oleiros guapo en superficie, e moi importante tamén telo no subsolo, polo que non se ve, polo tanto, señores e señoras do goberno municipal, reconsideren o asunto e presenten unha nova proposta de nomeamento para que sexa alguén que aposte por recuperar as relacións coas administracións, dialogante, exixindo o que corresponda a Oleiros, pero sen confrontacións gratuítas e está seguro de que entre tódolos membros do goberno responde algún a este perfil.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestándolle ó concelleiro do grupo “Socialista” que rematan hai ben pouco de ser as eleccións e parece que non se deu por enterado do resultado. Ampla maioría absoluta, elixido polo pobo





CONCELLO DE OLEIROS

de Oleiros para dirixilo e representalo, pero vai contestarlle a algunhas cuestións que parece que descoñece, empezando porque na Edar de Bens non admiten a ninguén que non sexa alcalde ou alcaldesa, por estatutos da propia entidade da Edar de Bens, asesórese ben antes de vir aquí e deixe de facelo con aquel que foi concelleiro aquí en Oleiros e que agora é asesor no concello da Coruña e dillo porque así, non vai por moi bo camiño.

No que atinxe ó Consorcio As Mariñas, o único que fixo foi perseguir as posibles irregularidades e a sentenza da que falou, aínda que non entra no fondo do asunto recoñece a existencia de irregularidades, polo que lle recomenda que a lea atentamente, polo que lle dí que non veña aquí a ler de xeito sesgado as cousas, tenas que preparar ben porque non van ter moi boa relación.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que non ven aquí a levarse ben ou mal, ven a representar ó pobo de Oleiros e quere facer unhas matizacións ó que remata de dicir o alcalde, dado que en ningún intre asesorouse con esa persoa da que falou porque coñece de primeira man o funcionamento da Edar Bens e no que atinxe ó Sr. Luis Vázquez, non está como asesor no concello da Coruña senón como responsable de Interior no concello.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestándolle ó concelleiro do grupo “Socialista” antes intervinde que está moi mal informado, porque o Sr. Luis Vázquez entrou de persoal eventual que coñece ben a historia, estaba a piques de xubilarse e rescatouno o Sr. Lage para colocalo no concello coruñés.

Insiste o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, que debe actualizar as súas informacións porque neste caso é errónea.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta presentada, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **cinco (05) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”) e **dous (02) votos en contra** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“En virtude do acordo plenario de 27 de marzo do 2013 polo que se creou o servizo municipal de depuración de augas residuais, no que se estableceu que a súa xestión se levara a cabo pola sociedade Edar Bens SA e pola que se delegou no alcalde o nomeamento dos representantes no consello de administración.

E, en virtude do disposto no artigo 9 dos Estatutos do Consorcio das Mariñas; no uso das facultades que teño atribuídas pola Lei,

RESOLVO,

PRIMEIRO.- Designar ao Alcalde, D. Angel Garcia Seoane, como representante do Concello de Oleiros na Xunta Xeral da Sociedade Edar Bens SA, e designar á Primeira Teniente de Alcalde, Dona Maria José Varela Neira, como representante do Concello de Oleiros no Consello de Administración da sociedade Edar Bens S.A.

SEGUNDO.- Designar ao Alcalde, D. Angel Garcia Seoane, como representante titular do Concello de Oleiros nos órganos do Consorcio das Mariñas e designar como suplente á Primeira Teniente de Alcalde, Dona Maria Jose Varela Neira, nos órganos do Consorcio das Mariñas.





CONCELLO DE
OLEIROS

TERCEIRO.- Notifíquese ós interesados, dese conta ao Pleno, publíquese no Taboleiro de Anuncios sito na Sede Electrónica municipal e no BOP.

CUARTO.- Contra este acordo, por ser un acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano administrativo que a dita no prazo DUN MES que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Tamén poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de DOUS MESES que comezarán a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98 de 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa.

Todo isto sen perxuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da antedita Lei 39/2015 de 1 de outubro, LPACAP de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes."

Punto 14.- Adopción de acordo, se procede, de designación da representación ó Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", D^a M^a **José Varela**, salientando que se propón como representante municipal no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade a Margarita Figueroa Vázquez, 2^a Tte de alcalde do Concello de Oleiros.

Intervén a voceira do grupo "Socialista", D^a M^a **Carmen Acuña**, sinalando que quería facer un matiz antes da votación, no senso de que é moi importante a "a" e a "o" Sr. García, especialmente preocupante nun concello, no que unen a área de igualdade á de servizos sociais, preocupante nun concello onde non existe un CIM, non hai unha concellería de igualdade, nun concello onde vai gobernar "Alternativa dos Veciños", que non presentou listas cremallera e onde se propoñen sete tenencias da alcaldía, compostas por cinco mulleres e dous homes.

Debe preocuparlle a calquera persoa que se poña as gafas da igualdade, que nun concello que é famoso polo liderazgo, pola personalidade dominante do alcalde, famoso polo comportamento cortante, arrogante, díó con todo o respecto, ás veces descalificador, que ese rexedor con tanta personalidade estea rodeado de tantas mulleres, insiste en que é preocupante, ó igual que a "a" e a "o", ou pensa igual que o SERGAS no que tódalas profesións as teñen co xénero masculino; mestre, enfermeiro, por dicir todas, ata a de matrona, se ó alcalde lle parece normal, ó seu grupo preocúpalle.

No que atinxe ó punto que se está a tratar, o alcalde saberá en quen delega, aínda así, ó seu grupo parécelles moi prudente que deixe ben ás claras as súas delegacións, por se nalgún intre tivera que se ausentar porque non se pode esquecer que aínda está pendente duna resolución xudicial e en canto á persoa designada, volve insistir en que nada teñen que dicir e anuncia a abstención do seu grupo.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalándolle á voceira do grupo "Socialista", que parece que aínda que xa ten unha longa experiencia na política e en cargos institucionais, dado que foi concelleira noutro municipio e tamén deputada, parece que lle quedou lonxe esta bagaxe e quedou desfasada.

Non se pode vir a este pleno a verter acusacións que non teñen ningún fundamento e ademais cargadas de demagogia, a candidatura de "Alternativa dos Veciños" pasou polos órganos de control en canto á paridade igual





CONCELLO DE OLEIROS

que as outras e cumprindo a lexislación nesa materia como non podería ser doutro xeito e en canto á administración municipal, a maioría das áreas están dirixidas por mulleres e de 13 concelleiros, 9 son mulleres e 4 homes, e preocúpalle que haxa unha maioría de mulleres, non o entende.

Finalmente, está xa un pouco canso desas intervencións con carga negativa, deixando entrever que se nalgún intre non está por mor dunha resolución xudicial, ten que lle dicir que se existe esa causa é por calumnias, por elevalo ó Parlamento de Galicia cando non había porque levalo, tendo en conta que existen informes nos que se sinala que non había ningún tipo de delito, outra cousa é o que resolva o xuíz no seu intre, pero a realidade é que o único que fixo naquel intre foi velar pola seguridade peonil na N-VI, que pasaban practicamente pegados á beirarrúa de 80 cm. que linda co edificio na Ponte Pasaxe, actuando coa lei na man, pero seguen intentando salpicar meténdose coas persoas honestas que actúan na defensa da cidadanía, co que levan feito uns e outros.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta presentada, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **sete (07) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Debido ao novo mandato das corporacións locais 2023-2027, é necesario que se confirme ou renove a identidade dun representante político, do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para esta lexislatura.

Polo que propoño,

PRIMEIRO.- Designar á concelleira MARGARITA FIGUEROA VAZQUEZ, como representante político do Concello de Oleiros, no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a lexislatura 2023-2027.

SEGUNDO.- Designar como representante técnico a D. Marcos Veiga Rodriguez, técnico municipal do Concello de Oleiros, no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a lexislatura 2023-2027.

TERCEIRO.- Comuníquese aos interesados, dando conta do mesmo ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

CUARTO.- Contra este acordo, por ser un acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano administrativo que a dita no prazo DUN MES que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Tamén poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de DOUS MESES que comezarán a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo isto sen perxuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da antedita Lei 39/2015 de 1 de outubro, LPACAP de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.”

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 13.20 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en vinte e cinco (25) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e prace do alcalde.

